ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
Expte.2193/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de outubro de 2026

ASISTENTES:

Membros :
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trinta de outubro de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(939).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbanse as actas das sesión extraordinarias e urxentes do 20, 21 e 23 de outubro e ordinaria do 23 de outubro de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.
.

2(940).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DA CONCESIÓN DE DOMINIO DO POSTO F01 DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 12131/106.
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/10/2026, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e conformado pola secretaria de Administración municipal, a concelleira delegada e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/11/2026 09:51	Páxina 1 de 118
2193-1102 Aprobado por XGL 06/11/2026	CSV: ACB628-E98826-55E4D9-LJPM91-WGNYBX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

ANTECEDENTES

1.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, adxudicouse á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso o procedemento aberto para a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso, polo período de 25 anos, a contar dende a data do 1 de xullo de 2015.

2.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 23 de maio de 2025, adoptou o seguinte acordo:

"PRIMEIRO.- Aceptar á renuncia á concesión de dominio outorgada a Dna. María Teresa Collazo Mayor por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/09/2009 e. en consecuencia. outorgar a concesión de dominio sobor do posto de referencia F01 (F11) florería, á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso ata a data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión."

3.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 15/07/2026, a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, NIF. ***6640>>, solicita autorización para a cesión do posto vacante nº F01 (F11) a Don Timoteo Eliezer López Gómez, NIE. ***3822>>.

4.- Achégase ao expediente declaración responsable de Don Timoteo Eliezer López Gómez, NIE. ***3822>>, conforme se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, cumpre o requisitos de capacidade para contratar e coñece e se compromete a cumprir coas condicións da concesión.

5.- Achégase tamén o certificado de estar ao corrente na Seguridade Social, en ATRIGA e recibo de autónomos

6.- Achégase certificado de non ter débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na que se dispón que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei se rexerán, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

–Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).,

–Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real decreto-lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).

–Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

–Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no *"Mercado municipal do Progreso"* mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmoble. (PCAP).

–Prego de prescricións técnicas para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no *"Mercado municipal do Progreso"* mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmoble. (PPT).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Con respecto á autorización da cesión do posto solicitada pola Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, conforme aos pregos de prescricións aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014, para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no *"Mercado municipal do Progreso"* mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmoble, que constitúen a*"lex contractus"*, establecen o seguinte:

A) Os Pregos de cláusulas administrativas particulares se refiren ao presente suposto nas seguintes cláusulas:

- Cláusula 4: Obxecto do contrato e códigos de clasificación

" *1.- O presente contrato ten por obxecto unha xestión integral dos espazos públicos existentes no Mercado municipal de abastos da Praza do Progreso (servizo público) comportando iso a concesión dun uso privativo dos espazos destinados a "supermercado" e "cafetería", así coma dos postos do mercado que non fosen adxudicados directamente aos usuarios polo Concello de Vigo e daqueles que, polo remate do plazo concesional, puidesen quedar baleiros no futuro (espazos da concesión ao adxudicatario do concerto).../.*
(.../) o obxecto do contrato comprende a xestión das concesións de dominio que se lle adxudican, baixo os principios de eficacia na xestión do servizo público, ***dos postos de venda do mercado que, por distintas razóns, resulten vacantes*** *e dos postos de venda de produtos do campo nos termos que se establecen no artigo 6 do PPTP e nas instrucións que se diten.(.../)".*

- Cláusula 7: Duración de concerto e das concesións de dominio

"1. O prazo de contrato é de vinte e cinco (25) anos improrrogables, a contar dende o día primeiro ao mes seguinte á data da sinatura do contrato e dos documentos concesionais. (.../)".
Data da sinatura 30 de xuño de 2015 e vixencia dende o 1 de xullo de 2015, rematando en consecuencia o 30 de xuño de 2040.

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

- Cláusula 26: Cesión e arrendamento dos espazos obxecto de concesión de dominio

"1. Conforme se indica no Anexo VI do presente PCAP o contratista-adxudicatario, titular das concesións de dominio dos espazos citados ("supermercado", "cafetería" e ***postos baleiros****), poderá proceder, previa autorización do órgano de contratación (Xunta de Goberno Local), á cesión ou ao arrendamento de ditos espazos co exclusivo fin de que neles se presten as actividades mencionadas.../.*

.../A cesión e o arrendamento non poderán ser outorgados por tempo superior o que medie entre a fecha do mesmo e a conclusión do prazo concesional. O cesionario ou arrendatario declarará expresamente no documento que formalice, que coñece e acepta as condicións que concorren na concesión en cuanto poidan afectarlle. En todo caso, o concesionario será responsable do establecido no contrato concesional.

2. A cesión dos postos baleiros do mercado implicará a obriga do cedente ou arrendador de aboar ó Concello de Vigo o importe dunha mensualidade do canon actual máximo resultante por cada ano ou fracción da concesión cedida. A cota mensual do posto obxecto de cesión non poderá, en ningún caso, ser inferior á establecida para postos da mesma tipoloxía obxecto de concesión directa."

B) No artigo 6 do prego de prescricións técnicas establecese o réxime dos postos de venda no Mercado vacantes adxudicados neste procedemento e dos que resulten no futuro sinalando que:

"*1. O adxudicatario, de conformidade có establecido no PCAP, obtén unha concesión de dominio sobor dos postos que resulten vacantes tanto por resultar sobrantes coma resultado da execución das obras en curso coma por abandono ou remate das concesións outorgadas sobor dos mesmos. Tanto uns coma os outros poderá explotalos directamente ou ceder a terceiros a dita concesión, previa conformidade municipal, para a súa explotación por un período de tempo igual ó que reste ata o remate do concerto. Sen embargo, non poderá arrendalos máis que para usos temporais, que en ningún caso poderá exceder de tres meses.*

2. A cesión a terceiros dos postos adxudicados neste procedemento e de aqueles que, polo remate do prazo concesional, puidesen quedar baleiros no futuro, en iguais termos que os acordados para os adxudicatarios dos restantes postos, deberá ser autorizada, previa solicitude, polo Órgano de Contratación do Concello de Vigo, e determinará a obriga de satisfacer ó Concello de Vigo polo cedente o importe de unha mensualidade do canon correspondente a dito posto por cada ano ou fracción de duración da cesión, que abarcará en todo caso ata a data de finalización do concerto.

3. Unha vez abonada a cantidade indicada no apartado anterior, formalizarase o contrato de cesión; este e as súas modificacións serán en todo caso depositados no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este senón dende o dito depósito. O cesionario convértese por este acto en concesionario de dominio sobor do posto e subrógase nos dereitos e obrigas do cedente, o que se fará constar no contrato de cesión.

4. De se producir a resolución anticipada do concerto e dándose as condicións do apartado anterior, o Concello subrogarase nos citados contratos, sempre que na dita resolución non teña

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

intervido actuación do cesionario ou arrendatario que, con culpa ou dolo, fose causa ou coadxuvase á dita resolución, que o contrato fose antieconómico ou que fose depositado unha vez producidas as circunstancias que motivan a dita resolución.

5. A cesión dos postos adxudicados neste proceso e daqueles que, polo remate do prazo concesional, puidesen quedar baleiros no futuro, suxeitarase ás seguintes condicións, que deberán constar expresamente na solicitude efectuada ao Concello de Vigo de cesión da concesión de dominio:

- *Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial para a que se lle outorga a concesión no posto, con pleno acatamento ás normas.*
- *Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización.*
- *Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobre do posto sen o consentimento expreso do Concello de Vigo, previo informe do xestor do Mercado, e que se suxeitará ás seguintes condición.*
- *Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.*
- *O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo dunha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.*
- *No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ao seu favor poderá ser transmisible aos seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.*
- *As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.*
- *Os concesionarios deberán abonar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable).*

6. As condicións indicadas no apartado anterior formarán parte igualmente do informe que o adxudicatario do concerto deberá efectuar ás solicitudes de cesión de dereitos polos comerciantes adxudicatarios dos postos; neste suposto, a cesión será polo tempo que reste ata o remate da concesión outorgada.

O importe do canon mensual será de 334,80 €".

C) Corresponde ao cedente, Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, a obriga de satisfacer ao Concello de Vigo o importe **4.519,80 €** derivado da suma das obrigas de pago:

* *Importe* de 4.519,80 *€, resultado de multiplicar o canon mensual vixente de 334,80 € do posto F01 polo tempo que resta de 13,5 anos da data de remate da concesión do 30/06/2040, a contar dende a data de ocupación do posto do 15/07/2026.*

D) Advertir que, unha vez abonada a cantidade anterior, formalizarase o contrato de cesión, o cal será depositado no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este se non dende o dito depósito.

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

COMPETENCIA
A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto na cláusula 4.1.c) do PCAP aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014.

En mérito ao que antecede, previo informe xurídico que se achega ao expediente, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

"PRIMEIRO.- *Autorizar á Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas particulares e os pregos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local en data 07/02/2014, á cesión da concesión de dominio do posto de venda de F01 a Don Timoteo Eliezer López Gómez , NIE.- ***3822>>, ata a data de remate da mesma do 30 de xuño de 2040, suxeita ás seguintes condicións:*

a) O canon mensual para o presente ano de 334,80 €/mes. O dito canon actualizarase anualmente á porcentaxe do IPC.

c) O cesionario convértese por este acto en concesionario de dominio sobor do posto e subrógase nos dereitos e obrigas do cedente, o que se fará constar no contrato de cesión.

d) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.

e) Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización.

f) Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.

g) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobor do posto sen o consentimento expreso do xestor do mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:

- *Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.*
- *O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ao Concello de Vigo dunha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.*
- *No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ao seu favor poderá ser transmisible aos seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.*
- *As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal. "*

g) As obras de adaptación, reparación e mellora, serán por conta exclusiva do concesionario e

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

requiren a previa presentación dunha memoria ou proxecto para a súa aprobación polo Concello, isto sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas, que deberá obter previamente e a súa costa.

SEGUNDO.- *Requirir á Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, o pago de* ***4.519,80 €,*** *derivado da suma das obrigas de pago:*

** Importe de 4.519,80 € resultado de multiplicar o canon mensual vixente de 334,80 € do posto F01 polo tempo que resta de 13,5 anos da data de remate da concesión do 30/06/2040, a contar dende a data de ocupación do posto do 15/07/2026.*

TERCEIRO.- *Advertir que, unha vez abonada o importe dunha mensualidade do canon correspondente a dito posto por cada ano ou fracción de duración da cesión, formalizarase o contrato de cesión, o cal será depositado no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este se non dende o dito depósito.*

CUARTO.- *Notificar o presente acordo aos interesados, Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso e a Don Timoteo Eliezer López Gómez, advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente."*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(941).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATERING PARA EVENTOS INSTITUCIONAIS ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 21226/101.

Sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 22.10.2026, que di o seguinte:

12. Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para eventos institucionais organizados polo Concello de Vigo (21226-101)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para eventos institucionais organizados polo Concello de Vigo (21226-101)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para eventos institucionais organizados polo Concello de Vigo (21226-101).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 28 de setembro, rematando o prazo de presentación de ofertas o 13 de outubro de 2026.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 14 de outubro de 2026, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 22 de outubro de 2026 acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 LCSP establece que non se poderá declarar deserta unha licitación existindo ofertas ou proposicións admisibles de acordo cos criterios establecidos nos pregos. A sensu contrario, a non existencia de proposicións admisibles leva á posibilidade de declaración de deserta da licitación.

No presente caso, non existen proposicións admisibles xa que non se presentou ningunha, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 14 de outubro de 2026, o que impide a continuidade da tramitación do procedemento.

Segundo.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

Cuarto.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para eventos institucionais organizados polo Concello de Vigo (21226-101) *por non terse presentado ningunha proposición.*

Segundo.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante en aplicación do establecido no artigo 63.3 da LCSP."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(942).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BEMBRIVE. EXPTE. 99420/332

Visto o informe de fiscalización de data 23/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da Mesa de Contratación de data 22/10/2026 que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de febreiro de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 13/01/2026, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 28/01/2026 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 2.067.963,48 euros, exento de IVE, para a contratación do servizo de xestión da Escola Infantil Municipal de Navia, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9915 (EIM Bembrive), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

ANUALIDADE	*Importe (exento de IVE)*
2026 (4 meses)	*187.996,68*
2027 (11 meses)	*516.990,87*
2028 (11 meses)	*516.990,87*
2029 (11 meses)	*516.990,87*
2030 (7 meses)	*328.994,19*
Total	*2.067.963,48€*

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 21 de maio de 2026 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	*Puntuación total*
1	*KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL*	*98.00*
2	*COLEGIO LOS MILAGROS, SL*	*77.72*

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- A resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL o 22 de maio de 2026. Dentro do prazo concedido, a licitadora presenta documentación e unha vez cualificada esta pola Mesa de Contratación, constátase que a licitadora carece de Plan de Igualdade vixente debidamente inscrito no Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos, Acordos Colectivos de Traballo e Plans de Igualdade, e, en consecuencia acorda, en data 12 de xuño de 2026, entender non cumprido o requirimento do artigo 150.2 da LCSP por non ter presentada correctamente a documentación acreditativa da obriga de contar cun plan de igualdade debidamente inscrito no rexistro correspondente (artículo 71.1.d)), en consecuencia, requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, segundo resolución do segundo tenente de alcalde e concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (resolución da Alcaldía do 15.05.2026), de data 21 de maio de 2026, COLEGIO LOS MILAGROS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles a documentación do artigo 150 da LCSP. Dentro do prazo concedido presenta a documentación requirida correctamente.

Cuarto.- En data 1 de xullo de 2026, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SA interpón recurso especial en materia de contratación nº 163/2026 ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) que, en data 21 de xullo dita a resolución nº172/2026 na que estima parcialmente o recurso "*coa anulación do acordo de exclusión impugnado e a retroacción do procedemento para que o órgano de contratación analice e se pronuncie de forma motivada sobre a fiabilidade do licitador recorrente*".

A Mesa de Contratación, para dar cumprimento a esta resolución a Mesa de Contratación, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda conceder un prazo de 3 días naturais para que a licitadora, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL, aporte as probas que considere pertinente en relación as medidas adoptadas para demostrar a súa fiabilidade en relación a carencia dun plan de igualdade en vigor e rexistrado debidamente.

A licitadora presenta documentación, o 24 de xullo, antes do devandito requirimento, e unha vez notificado o mesmo.

Quinto.- Á vista de toda a documentación aportada pola licitadora entre a que figura o II Plan de Igualdade e o xustificante de solicitude de inscrición do mesmo no REGCON (no que figura, comprobado de oficio por esta administración, o devandito plan asinado polas partes) e seguindo os términos establecidos na resolución nº172/2026 do TACGAL no marco deste mesmo procedemento ("*cómpre concluír que nun caso coma o presente no que se analiza se o licitador se atopa incurso na prohibición de contratar establecida no artigo 71.1 d) LCSP, non procedería esa exclusión de lograrse demostrar polo licitador afectado a*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/11/2026 09:51	Páxina 11 de 118
2193-1102 Aprobado por XGL 06/11/2026	CSV: ACB628-E98826-55E4D9-LJPM91-WGNYBX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xuízo do órgano de contratación e mediante a presentación das probas pertinentes que as medidas por el adoptadas son suficientes para acreditar a súa fiabilidade ao respecto" *(...) "Nese sentido, esa conclusión sobre a fiabilidade non pode simplemente vir determinada pola falta de inscrición dese plan, pois esa é precisamente a causa da prohibición de contratar orixe da exclusión en cuestión, o cal deixaría sen efecto a posibilidade para o licitador de adopción de medidas correctoras no ámbito do self cleaning.*") a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, considerar demostrada a fiabilidade do licitador KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL e polo tanto propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento que acorda a adxudicación o 7 de agosto de 2026.

Sexto.- En data 22 de agosto de 2026, COLEGIO LOS MILAGROS, SL interpón recurso especial en materia de contratación nº 209/2026 ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) contra a o acordo de adxudicación do 7 de agosto. En data 8 de outubro de 2026 o TACGAL dita a resolución nº232/2026 na que estima o recurso "*interposto por COLEGIO LOS MILAGROS SL contra o acordo de adxudicación do 07.08.2026 na contratación dun servizo de xestión da escola infantil de Bembrive, expediente 99420-332 do Concello de Vigo*" e na que indica que "*Procede, en definitiva, a estimación do recurso presentado, coa anulación do acordo de adxudicación e ordenando a necesaria exclusión da adxudicataria do procedemento*."

Sétimo.- En vista do anterior, a Mesa de Contratación acorda, na presente sesión do 22 de outubro de 2026, por unanimidade dos/as membros presentes, por un lado, entender non cumprido o requirimento do artigo 150.2 da LCSP por parte de KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL por non ter presentado correctamente a documentación acreditativa da obriga de contar cun plan de igualdade debidamente inscrito no rexistro correspondente (artigo 71.1.d) LCSP). Por outro lado, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento a COLEGIO LOS MILAGROS, SL como licitadora clasificada en segundo lugar (resolución de clasificación do 21 de maio de 2026 do segundo tenente de alcalde e concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (delegación da Alcaldía do 15.05.2026), tendo en conta que obra en poder de esta administración a documentación requirida polo artigo 150.2 LCSP, correctamente achegada pola licitadora en data 16 de xuño de 2026 que consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil, o seu obxecto social, o nomeamento do seu representante, así como os certificados positivos de débedas da AEAT, a TXSS e a ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (361.893,61 €), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (361.893,61 €), presentan certificado de boa execución no que a suma dos importes do ano 2025 supera esta cantidade.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

- Acordo de inscrición no publicidade no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia do plan de igualdade.
- Declaración de contar cunha porcentaxe superior ao 2 % de traballadores con discapacidade na súa plantilla
- Retención do importe da garantía no prezo do contrato.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar COLEGIO LOS MILAGROS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COLEGIO LOS MILAGROS, SL, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor, de data 5 de maio de 2026, aceptado pola Mesa de Contratación na súa sesión do día 14 do mesmo mes e do informe de valoración das proposicións avaliables mediante fórmula, de data 5 de maio de 2026, aceptado pola Mesa de Contratación na súa sesión do día 21 do mesmo mes, e publicados, ambos, no perfil do contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos del Sector Público.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola infantil municipal de Bembrive (99420-332) por un prezo total do contrato de 1.861.167,13 euros (IVE exento) e coas seguintes condicións:

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

a) *Incrementa as horas mínimas semanais de adicación ao servizo de Orientación Familiar fixadas no PPT (2 horas) en 10 horas.*

b) *Achega 5.000,54 euros para material didáctico. Axuntase a relación de material didáctico para o desenvolvemento do PEC, que inclúe o orzamento valorado do mesmo segundo prezos de mercado*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(943).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA AS PLATAFORMAS DE ALMACENAMENTO NAS E SCALE-OUT DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 11056/113.

Visto o informe de fiscalización de data 23/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da Mesa de Contratación de data 22/10/2026 que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Acordo marco para a contratación da subministración de equipamento para as plataformas de almacenamento NAS e scale-out da Xunta de Galicia (11056-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento para a adhesión ao "Acordo marco para a contratación da subministración de equipamento para as plataformas de almacenamento NAS e scale-out da Xunta de Galicia" (11056-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de setembro de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

"*Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da subministración de equipamento para ampliación e modernización da principal plataforma de almacenamento do Concello de Vigo, mediante adhesión ao acordo marco, con varios empresarios, para a subministración*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

de equipamento para as plataformas de almacenamento NAS e Scale-Out da Xunta de Galicia (AMT-2022-0055) - lote 2 "Compoñentes Metrocluster e Flexgroup".

Segundo.- Aprobar a folla de especificacións do contrato derivado de data 8 de setembro de 2026, de carácter contractual.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 402.527,43 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 69.860,13 euros, que se imputará á aplicación orzamentaria 9207.6260002 "Ampliación sistema almacenamento principal e sistema" do vixente orzamento do Concello de Vigo coa seguinte distribución de anualidades:

Aplicación orzamentaria	*Concepto*	*Exercicio*	*Base*	*IVE*	*Importe*
9207.6260002	*Ampliación sistema almacenamento principal e sistema*	*2026*	*202.479,34 €*	*42.520,66 €*	*245.000,00 €*
9207.6260002	*Ampliación sistema almacenamento principal e sistema*	*2027*	*130.187,96 €*	*27.339,47 €*	*157.527,43 €*
Total			*332.667,30 €*	*69.860,13 €*	*402.527,43 €*

Cuarto.- Acordar a apertura do procedemento de contratación mediante a solicitude de ofertas ás empresas adxudicatarias do acordo marco conforme ao previsto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 1 de outubro de 2026 adoptou a seguinte resolución:

"*Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento para a adhesión ao "Acordo marco para a contratación da subministración de equipamento para as plataformas de almacenamento NAS e scale-out da Xunta de Galicia" (11056-113) na seguinte orde descendente:*

	Licitador	*Puntuación total*
1	*EDNON, SL*	*0.01*
2	*TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA, SAU*	*0.00*

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, SL, para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

1. *A documentación esixida na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, SL, o día 2 de outubro de 2026, que presenta a documentación requirida o 7 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- Seguro de caución por un importe de 16.633,37 euros que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 22 de outubro de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP). Asemade, no presente procedemento, ao tratarse dunha adhesión a un acordo marco, a adxudicación regularase polo establecido no artigo 221 LCSP e a cláusula 24 do PCAP.

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EDNON, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EDNON, SL, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliables mediante fórmula, de data 24 de setembro de 2026 aceptado pola Mesa de Contratación na súa sesión do día 1 de outubro de 2026 e publicado no perfil do contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos del Sector Público.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a EDNON, SL o procedemento para a adhesión ao "Acordo marco para a contratación da subministración de equipamento para as plataformas de almacenamento NAS e scale-out da Xunta de Galicia" (11056-113) coas seguintes condicións:

a) *O prezo total do contrato é de 402.285,43 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 69.818,13 euros.*

b) Datos para os efectos informativos e de facturación

Clave	**Unidades**	**Prezo Unitario**	**Total**
CABINA A	2	46.953,05 €	93.906,10 €
FUNCIONALIDADE A1	4	24.975,02 €	99.900,08 €
FUNCIONALIDADE A2	3	24.975,02 €	74.925,06 €
AMPLIACIÓN 36	2	31.868,03 €	63.736,06 €
Orzamento máximo autorizado (S/IVE)		**TOTAL**	**332.467,30 €**
		IVA 21%	**69.818,13 €**
		TOTAL + IVA	**402.285,43 €**

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e a oferta presentada".

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(945).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUALIZACIÓN, MANTEMENTO INTEGRAL, SOPORTE TÉCNICO E ASISTENCIA TÉCNICA EVOLUTIVA PARA O APLICATIVO DE XESTIÓN DE INVENTARIO XERAL DE BENS E DEREITOS. EXPTE. 22417/240.
Visto o informe de fiscalización de data 26/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/10/2026, asinado pola técnica de Administración xeral e polo xefe de Patrimonio, que di o seguinte:

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do subministro para a contratación da actualización, mantemento integral, soporte técnico e asistencia técnica evolutiva para o aplicativo de xestión de inventario xeral de bes e dereitos (22417-240) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de agosto de 2026, adoptou o seguinte acordo:

"1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do suministro da actualización e servizos de mantemento integral, soporte técnico e asistencia técnica evolutiva da aplicación informática da xestión do Inventario municipal de bens e dereitos (IMBD) e do patrimonio municipal:

- *Parte fixa: actualización (evolución tecnolóxica)*
- *Parte variable: mantemento integral (estándar) e soporte técnico e asistencia técnica .*

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións técnicas asinado asinado o 25 de xuño de 2026 pola aparelladora municipal e polo xefe do servicio de administración electrónica.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 25 de xuño de 2026 pola xefa o servicio de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto:

A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 84.225,83 euros

- *Parte fixa: 3.466,74 euros*
- *Parte variable: 80.759,09 euros*

B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (21%): 14.617,73 euros

C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 69.608,10 eeuros

D) ANUALIDADES CON IVE E APLICACIÓN ORZAMENTARIA:

Anualidades	*Datas*	*Importe*	*Partida*
2026	*01.09.2026* *31.12.2026*	*7.018,83 euros*	*9330.227.06.02 MELLORAS E MANTEMENTO APLICATIVO*

2027	*01.01.2027* *31.12.2027*	*21.056,45 euros*	*XESTIÓN INVENTARIO ou bolsa de vinculación*
2028	*01.01.2028* *31.12.2028*	*21.056,45 euros*	
2029	*01.01.2029* *31.12.2029*	*21.056,45 euros*	
2030	*01.01.2030* *31.08.2030*	*14.037,65 euros*	

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- O 19 de agosto de 2026 o servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ENTERSOLO, SL.

Terceiro.- O 2 de setembro de 2026, ENTERSOLO, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O día 15 de setembro de 2026, ás 13:15 horas, reúnense o xefe do servizo de Patrimonio xunto coa técnica de administración xeral do servizo de Contratación, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, procédese a apertura do "SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL" e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.3.A) do PCAP, acórdase admitir neste procedemento a ENTERSOLO, SL. A continuación procédese a apertura do "SOBRE C: PROPOSICIÓN ECONÓMICA" e, revisada a proposición, compróbase que se axusta ás esixencias dos pregos.

Segundo o previsto no apartado 1.I do Anexo I (FEC) do PCAP, non procede a negociación porque *"o obxecto do contrato soamente pode ser encomendado a unha empresa e as características e requisitos técnicos dos servizos están definidos e determinados*". Asemade, en aplicación do criterio recollido no apartado 6.F) do Anexo I (FEC) e a cláusula 16.5, non se establecen criterios para determinar se a oferta contén valores anormais.

Quinto.- Con data 16 de setembro de 2026 a concelleira da área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (acordo delegación da Xunta de Goberno local de 7 de novembro de 2025), adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo co criterio de adxudicación sinalado no prego, a proposición admitida no procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actualización,

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

mantemento integral, soporte técnico e asistencia técnica evolutiva para o aplicativo de xestión de inventario xeral de bens e dereitos (22417-240) na seguinte orde decrecente:

Orde	Licitador
1	*ENTERSOLO, SL*

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENTERSOLO, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP), tendo en conta a xa presentada no sobre A:

- *A acreditación da constitución da garantía definitiva esixida no apartado 9.C do Anexo I -FEC-.*
- *O Anexo IV do PCAP que inclúe unha declaración responsable designando ao seu delegado, o acordo de confidencialidade e a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo."*

Sexto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENTERSOLO, SL, o día 17 de setembro de 2026 que presenta a documentación dentro do prazo concedido o día 28 do mesmo mes.

Sétimo.- Con data 6 de outubro de 2026 reúnense o xefe do servizo de Patrimonio xunto coa técnica de administración xeral do servizo de Contratación e revisada a documentación presentada pola licitadora comproban que é correcta. Asemade, compróbase que figuran no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, ca Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como ca Seguridade Social.

Oitavo.- En data 14 de outubro de 2026 reúnense o xefe do servizo de Patrimonio xunto coa técnica de administración xeral do servizo de Contratación tendo comprobado de oficio a existencia dunha omisión no requirimento de documentación da resolución de clasificación xa que non figura o Anexo V do PCAP tal e como se require na súa cláusula 18.2. En vista do anterior, acórdase outorgar un novo prazo de dez días hábiles a ENTERSOLO, SL para que presente o devandito Anexo V (Declaración de ausencia de conflito de intereses) do PCAP asinado polo seu representante.

A licitadora presenta documentación dentro do prazo concedido e reunidos, novamente, o xefe do servizo de Patrimonio xunto coa técnica de administración xeral do servizo de Contratación o 22 de outubro de 2026 comproban que esta é correcta.

En vista do anterior procede formular proposta de adxudicación ao abeiro do previsto na cláusula 18.3 do PCAP.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ENTERSOLO, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao/á xefe/a do servizo xestor ou o/a responsable do contrato xunto coa xefe do servizo de Contratación, ou o/a/s funcionario/a/s en quen deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador propietario dos dereitos de exclusividade co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do día 15 de setembro de 2026 de apertura dos sobres A e C e proposta de clasificación e ás acta dos días 6 e 22 de outubro de comprobación da documentación de adxudicación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ENTERSOLO, SL o procedemento negociado sen publicidade do subministro para a contratación da actualización, mantemento integral, soporte técnico e asistencia técnica evolutiva para o aplicativo de xestión de inventario xeral de bes e dereitos (22417-240) por un prezo total do contrato de 84.156,48, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.605,67 e coas seguintes condicións:

a) O prezo da parte fixa do contrato é de 3.397,39 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 589,63 euros.

b) O prezo da parte variable do contrato é de 80.759,09 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.016,04 euros.

c) A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario do mantemento estándar (da parte variable do contrato) recollido no apartado 3.G) do Anexo I (FEC) do PCAP é de 2,00 %.

d) A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario do soporte técnico e asistencia técnica (da parte variable do contrato) recollido no apartado 3.G) do Anexo I (FEC) do PCAP é do 2,00 %.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(946).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DO ACCESO Á ERMIDA DA GUÍA NO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 2578/441.
Visto o informe de fiscalización de data 23/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da Mesa de Contratación de data 22/10/2026 que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización do acceso á Ermida da Guía no Concello de Vigo" (2578-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización do acceso á Ermida da Guía no Concello de Vigo" (2578-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de xuño de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

"*Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DO ACCESO Á ERMIDA DA GUÍA NO CONCELLO DE VIGO", redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dna. Mª Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS TRINTA E OITO MIL TRESCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS con CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (638.356,55 €), segundo a seguinte distribución de anualidades:*

2026	*338.356,55€*
2027	*300.000,00€*

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o día 20.05.2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532 6190048 – proxecto de gasto 25153248 (Demolición estrutura e peatonalización acc. Ermida da Guía)- por importe de 338.356,55 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2027, na aplicación orzamentaria 1532 6190048, crédito por importe de 300.000,00 €.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 88,66 %.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 1 de outubro de 2026 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización do acceso á Ermida da Guía no Concello de Vigo" (2578-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	*Puntuación total*
1	*ORECO BALGON, SA*	*96.72*
2	*AVAN INTEGRAL, SL*	*90.66*

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON, SA, o día 2 de outubro de 2026, que presenta a documentación requirida o 15 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa declaración de vixencia dos datos nel inscritos, no que figura a constitución da mercantil, o seu obxecto social, o nomeamento do seu representante e os certificados positivos de débedas da AEAT, da ATRIGA e da TXSS, así como as clasificacións G-6-4 e C-1-6.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (Grupo G, Subgrupo 6, Categoría 2 e Grupo C, Subgrupo 1, Categoría 2) presentan as clasificacións Grupo G, Subgrupo 6, Categoría 4 e Grupo C, Subgrupo 1, Categoría 6.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Seguro de caución por un importe de 26.093,48 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 22 de outubro de 2022 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO BALGON, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO BALGON, SA, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor, de data 18, 18 e 20 de setembro de 2026, aceptado pola Mesa de Contratación na súa sesión do día 24 do mesmo mes e informe de valoración das

proposicións avaliables mediante fórmula, de data 28 de setembro de 2026, aceptado pola Mesa de Contratación na súa sesión de data 1 de outubro, e publicados, ambos, no perfil do contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos del Sector Público.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ORECO BALGON, SA o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización do acceso á Ermida da Guía no Concello de Vigo" (2578-441) por un prezo total do contrato de 631.462,30 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 109.592,63 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(947).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 25388/333.

Visto o informe de fiscalización de data 23/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da Mesa de Contratación de data 22/10/2026 que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de materiais para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas (25388-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de materiais para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas (25388-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de maio de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación para o SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de "TRESCENTOS TRINTA E SEIS MIL EUROS" (336.000,00€).

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefe do Servicio de deportes do día 06.03.26.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e a Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación do día 27.04.26.

Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 3420.2120000 "Mantemento e mellora instalacións deportivas", coa seguinte distribución:

Anualidades	Lotes	Prezo sen IVE	IVE	Total
2026	Lote 1: Materiais para fontanería e saneamento.	11.570,25 €	2.429,75 €	14.000,00 €
	Lote 2: Materiais de ferretería.	20.661,16 €	4.338,84 €	25.000,00 €
	Lote 3: Material para instalacións eléctricas.	26.859,50 €	5.640,50 €	32.500,00 €
	Lote 4: Material pintado.	6.198,35 €	1.301,65 €	7.500,00 €
	Lote 5: Material construcción.	4.132,23 €	867,77 €	5.000,00 €
	Total	69.421,49 €	14.578,51 €	84.000,00 €
2027	Lote 1: Materiais para fontanería e saneamento.	23.140,50 €	4.859,50 €	28.000,00 €
	Lote 2: Materiais de ferretería.	41.322,31 €	8.677,69 €	50.000,00 €
	Lote 3: Material para instalacións eléctricas.	53.719,01 €	11.280,99 €	65.000,00 €

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

Anualidades	Lotes	Prezo sen IVE	IVE	Total
	Lote 4: Material pintado.	12.396,69 €	2.603,31 €	15.000,00 €
	Lote 5: Material construcción.	8.264,46 €	1.735,54 €	10.000,00 €
	Total	138.842,98 €	29.157,02 €	168.000,00 €
2028	Lote 1: Materiais para fontanería e saneamento.	11.570,25 €	2.429,75 €	14.000,00 €
	Lote 2: Materiais de ferretería.	20.661,16 €	4.338,84 €	25.000,00 €
	Lote 3: Material para instalacións eléctricas.	26.859,50 €	5.640,50 €	32.500,00 €
	Lote 4: Material pintado.	6.198,35 €	1.301,65 €	7.500,00 €
	Lote 5: Material construcción.	4.132,23 €	867,77 €	5.000,00 €
	Total	69.421,49 €	14.578,51 €	84.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Segundo.- Con data 3 de setembro de 2026, a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025) adoptou a seguinte resolución:

"1. Aceptar a xustificación das baixas con valores anormais ou desproporcionados presentada polos seguintes licitadores neste procedemento:

a) FERRETERÍA VALFER, SL (Lote 2)

b) PINTURAS EUROTEX, SL (Lote 4)

2. Rexeitar a oferta presentada polos seguintes licitadores e excluílos do procedemento:

a) MM GLOBALITY (Lote 1) por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ao presentar a documentación xustificativa fora do prazo concedido para o efecto.

b) MARESA ELECTRICIDAD, SLU (Lote 3) por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais non xustificados suficientemente dentro do prazo concedido para o efecto."

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Terceiro.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 15 de setembro de 2026 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de materiais para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas (25388-333) na seguinte orde descendente:

- Lote 1:

	Licitadores	Puntuación
1	GARCI VENTA, SL	100,00
2	COMERCIAL ANTONIO COSTAS, SL	94,53
3	DANIEL DE LA FUENTE DE LA LASTRA	67,04

- Lote 2:

	Licitadores	Puntuación
1	FERRETERIA VALFER, SL	100,00
2	GESGROB, SLU	92,65
3	MM GLOBALITY, SL	82,59
4	GARCI VENTA, SL	65,70
5	DANIEL DE LA FUENTE DE LA LASTRA	45,14

- Lote 3:

	Licitadores	Puntuación
1	MM GLOBALITY, SL	100,00
2	GARCI VENTA, SL	87,60
3	DANIEL DE LA FUENTE DE LA LASTRA	57,52

- Lote 4:

	Licitadores	Puntuación
1	MORGASA, SL	91,25
2	PINTURAS EUROTEX, SA	90,00

Documento asinado

3	MM GLOBALITY, SL	81,54
4	GARCI VENTA, SL	60,84
5	DANIEL DE LA FUENTE DE LA LASTRA	34,90

- Lote 5:

	Licitadores	Puntuación
1	GARCI VENTA, SL	100,00

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GARCI VENTA, SL (lotes 1 e 5), FERRETERÍA VALFER, SL (lote 2), MM GLOBALITY, SL (lote 3) e MORGASA, SL (lote 4), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Lembrar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente".

Cuarto.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GARCI VENTA, SL (lotes 1 e 5), FERRETERÍA VALFER, SL (lote 2), MM GLOBALITY, SL (lote 3) e MORGASA, SL (lote 4), os días 11 e 16 de setembro de 2026, que presentan a documentación requirida os días 15 e 21 de setembro (GARCI VENTA (lotes 1 e 5)), o día 15 de setembro (FERRETERÍA VALFER, SL (lote 2), os días 23 e 25 de setembro MM GLOBALITY, SL (lote 3) e o día 17 de setembro MORGASA, SL (lote 4), dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 1 de outubro de 2026, comprobada a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, GARCI VENTA, SL (lotes 1 e 5), FERRETERÍA VALFER, SL (lote 2), MM GLOBALITY, SL (lote 3) e MORGASA, SL (lote 4), acordou conceder 3 días naturais aos mesmos para que puidesen emendala, concretamente:

1. GARCIVENTA, SL (lotes 1 a 5), a acreditación da solvencia económica e financeira e a acreditación de contar cun mínimo do 2 % de traballadores con discapacidade tal e como se require na cláusula 18.3.10 do PCAP.
2. FERRETERÍA VALFER, SL (lote 2), o Anexo V asinado polo seu representante xa que non figura na documentación achegada e a acreditación da solvencia técnica e profesional.

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

3. MM GLOBALITY, SL (lote 3), os Anexos IV e V do PCAP, a acreditación da solvencia económica e financeira e a acreditación da solvencia técnica e profesional.
4. MORGASA, SL (lote 4), a acreditación da solvencia económica e financeira e a acreditación da solvencia técnica e profesional.. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación correctamente e en prazo.

Dentro do prazo concedido as licitadoras presentaron a documentación requirida.

A Mesa de Contratación, en vista da documentación presentada polas licitadoras clasificadas en primeiro lugar comproba que GARCI VENTA, SL (lotes 1 e 5), FERRETERÍA VALFER, SL (lote 2) e MM GLOBALITY, SL (lote 3) achegan correctamente a documentación requirida.

Pola sua parte MORGASA, SL (lote 4) achega correctamente a acreditación da solvencia económica e financeira e, polo que se refire á acreditación da solvencia técnica e financeira, achega declaración de traballos realizados co Concello de Vigo. O servizo de Deportes emite informe de boa execución destes traballos no que o ano de maior importe, 2024, non cubre o importe total da solvencia técnica e profesional requirida polo que non se pode considerar acreditada a mesma. En vista do anterior a Mesa de Contratación acorda na súa sesión de 22 de outubro de 2026 entender non cumprido o requirimento do artigo 150.2 da LCSP por parte de MORGASA, SL (lote 4) por non ter presentado correctamente a documentación acreditativa da solvencia técnica e, en consecuencia, requirir o licitador clasificado en segundo lugar, PINTURAS EUROTEX, SA, conforme a resolución de clasificación de 3 de setembro de 2026, da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), para que no prazo de dez días hábiles presente a documentación do artigo 150.2 LCSP.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada por GARCI VENTA, SL (lotes 1 e 5), FERRETERÍA VALFER, SL (lote 2) e MM GLOBALITY, SL (lote 3) xunto a que consta no expediente é a seguinte:

- GARCI VENTA, SL (lotes 1 e 5)

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil, o seu obxecto social, o nomeamento dos seus representantes e os certificados positivos de débedas da TXSS, da AEAT e da ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (19.600,00 € (lote 1) e 7.000,00 € (lote 5)), presentan as contas do ano 2025 nas que o importe neto da cifra de negocios supera a cantidade da solvencia máis alta (lote 1).
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (19.600,00 € (lote 1) e 7.000,00 € (lote 5)), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Documento no que consta a consulta de oficio da inscrición e vixencia do plan de igualdade da licitadora.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

- Informe de traballadores en alta nun código de conta de cotización no que figura traballador con tipo de contrato 130 (Contrato indefinido ordinario a xornada completa para persoas con discapacidade).
- Autoliquidacións dos importes das garantías definitivas para o lote 1 (2.314,05 €) e o lote 5 (826,45 €).

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débeda do Concello de Vigo.

- FERRETERÍA VALFER, SL (lote 2)

- A escritura de constitución da licitadora onde figura o seu obxecto social xunto coa escritura de declaración da titularidade real onde figura o nomeamento do seu representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (35.000,00 €), presentan as contas do ano 2025 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (35.000,00 €), presentan declaración e facturas nos que a suma dos importes do ano 2025 supera esta cantidade.
- Autoliquidación do importe da garantía definitiva para o lote 2 (4.132,23 €).

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

- MM GLOBALITY, SL (lote 3)

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil, o seu obxecto social, así como o nomeamento do seu representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (45.500,00 €), presentan as contas do ano 2025 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (45.500,00 €), presentan certificado de boa execución, declaración e facturas nos que a suma dos importes do ano 2025 supera esta cantidade.
- Aval por un importe de 5.371,90 € que cubre a garantía definitiva requirida para o lote 3, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

Quinto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 22 de outubro de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar para os lotes 1, 2, 3 e 5 (GARCI VENTA, SL (lotes 1 e 5), FERRETERÍA VALFER, SL (lote 2) e MM GLOBALITY, SL (lote 3)), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosas para a administración contratante son as formuladas por GARCI VENTA, SL (lotes 1 e 5), FERRETERÍA VALFER, SL (lote 2) e MM GLOBALITY, SL (lote 3), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliables mediante fórmula, de data 9 de setembro de 2026 aceptado pola Mesa de Contratación na súa sesión do día 10 do mesmo mes e publicado no perfil do contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos del Sector Público.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Adxudicar a GARCI VENTA, SL o lote 1 do procedemento aberto para a contratación do subministro de materiais para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas (25388-333) por un prezo total do contrato de 56.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.719,01 euros e coas seguintes condicións:

a) A baixa proporcional única a aplicar a cada un dos prezos unitarios do lote 1 é do 21 %

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

b) A baixa proporcional única a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos do lote 1 é do 21 %

Segundo.- Adxudicar a FERRETERÍA VALFER, SL o lote 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de materiais para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas (25388-333) por un prezo total do contrato de 100.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.355,37 euros e coas seguintes condicións:

a) A baixa proporcional única a aplicar a cada un dos prezos unitarios do lote 2 é do 47 %

b) A baixa proporcional única a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos do lote 2 é do 40 %

Terceiro.- Adxudicar a MM GLOBALITY, SL o lote 3 do procedemento aberto para a contratación do subministro de materiais para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas (25388-333) por un prezo total do contrato de 130.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.561,98 euros e coas seguintes condicións:

a) A baixa proporcional única a aplicar a cada un dos prezos unitarios do lote 3 é do 28 %

b) A baixa proporcional única a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos do lote 3 é do 35 %

Cuarto.- Adxudicar a GARCI VENTA, SL o lote 5 do procedemento aberto para a contratación do subministro de materiais para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas (25388-333) por un prezo total do contrato de 20.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.471,07 euros e coas seguintes condicións:

a) A baixa proporcional única a aplicar a cada un dos prezos unitarios do lote 5 é do 6 %

b) A baixa proporcional única a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos do lote 5 é do 6 %

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(948).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE ASOCIACIÓN GALEGA DE XORNALISTAS DO DEPORTE AGAXORDE PARA A REALIZACIÓN DO EVENTO "XORNADAS NACIONAIS DE PERIODISMO DEPORTIVO". EXPTE. 25756/333.

Visto o informe xurídico do 14/10/2026, o informe de fiscalización do 23/10/2026 e o informe xustificativo do 28/10/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, sométese a aprobación o informe-proposta do 13/10/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

1.1.- Con data 10.05.26, Xosé Alexandre Centeno, en n/r da entidade Asociación Galega de Periodistas deportivos, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención por importe de 17.000,00€ para a organización na cidade de Vigo das Xornadas Nacionais de Periodistas deportivos.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:
- Proxecto deportivo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento equilibrado de ingresos-gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Certificado de inscrición no Rexistro Nacional de asociacións.
- Certificado titularidade conta bancaria.
- CIF da entidade, DNI do representante legal e estatutos da entidade.
- Certificado de composición da Xunta directiva.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo ó establecido no apartado 38.5.2 das Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, en relación á obriga de facer constar unha memoria xustificativa que acredite o carácter singular e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario do evento a subvencionar, infórmase:

- Que a actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

- Que entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás. Neste caso as Xornadas Nacionais de periodismo deportivo é un dos eventos máis destacados a nivel nacional, cunha relevancia deportiva e social do mais alto nivel.

- Que a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

- Que neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

- Que a subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio.

Segundo.- O carácter excepcional da subvención.

2. Consideracións xerais

Atendendo ó establecido no apartado 38.5.2 das Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, en relación á obriga de facer constar unha memoria xustificativa que acredite o carácter singular e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario do evento a subvencionar, infórmase:

- Que a actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

- Que entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás. Neste as Xornadas Nacionais de periodismo deportivo é un dos eventos máis destacados a nivel nacional, cunha relevancia deportiva e social do mais alto nivel.

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

- Que a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

- Que neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

- Que a subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio.

Terceiro.- O interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

A cidade de Vigo compite no mapa das grandes cidades europeas por atraer eventos que xeren notoriedade e a sitúen no foco mediático internacional. A celebración na cidade das Xornadas nacionais de periodismo e deporte responde directamente a esta necesidade estratéxica. O propio Concello enmarca o evento como unha palanca para a proxección exterior da cidade, reforzando a proxección nacional da cidade, que posiciona a Vigo no calendario de eventos deportivos nacionais, atraendo a atención de medios e consolidando a súa imaxe como cidade cunha capacidade organizativa extraordinaria.

O evento responde ademais a unha necesidade social de promover valores positivos e xerar cohesión en torno a un acontecemento integrador e fomenta a convivencia e o intercambio cultural, convertendo a Vigo nun punto de encontro a nivel deportivo.

En definitiva, a celebración na cidade destas Xornadas é unha necesidade estratéxica que se xustifica fundamentalmente en:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

- O efecto multiplicador sobre a estratexia de cidade e o calendario de eventos de interese deportivo, a sitúa no contexto dunha estratexia municipal deliberada de posicionamento de Vigo como cidade de eventos de ámbito nacional. O encadeamento de eventos xera un efecto acumulativo de marca cidade. Cada cita reforza a percepción de Vigo como cidade capaz de acoller acontecementos de alcance nacional e internacional, o que a súa vez facilita a atracción de futuros eventos, inversións e visitantes, e polo tanto é unha peza necesaria para manter o impulso da estratexia.
- A garantía de calidade, seguridade e prestixio que aporta o organizador, que se centra no valor intanxible que a entidade organizadora aporta ao evento e polo tanto á cidade. O prestixio e atractivo do evento reside en gran medida na marca consolidada que a entidade posúe.
- A proxección nacional, posicionando a Vigo como cidade capaz de organizar e albergar grandes eventos, fortalecendo a marca de cidade.
- O impacto económico, xa que se dinamizan sectores clave como a hostalaría e o comercio, xerando actividade e emprego durante o evento.

As XORNADAS NACIONAIS DE PERIODISMO DEPORTIVO VIGO 2026 teñen non só un impacto deportivo-periodístico da máxima relevancia. Ademais, atrae un número destacado de visitantes, xerando un importante fluxo de ingresos para a hostalaría, o comercio local, outros sectores relacionados e, en definitiva, para a cidade, constituíndose nun motor económico de impulso para o turismo deportivo, o comercio local, a creación de emprego e a promoción da imaxe da cidade.

Estes datos identifican claramente a importancia do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión relevante, coa presenza de representantes do máximo nivel de todo o país.

Este evento ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes eventos, impulsará ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais na exclusividade da organización, ao tratarse dunha entidade única.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a subvención canalizarase a través dunha resolución cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 17.000,00 € a favor da entidade Asociación Galega de Periodistas deportivos (CIF G55406664) para a realización do evento deportivo "XORNADAS NACIONAIS DE PERIODISMO DEPORTIVO" de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 17.000,00 € para subvencionar o evento deportivo "XORNADAS NACIONAIS DE PERIODISMO DEPORTIVO" a favor da entidade Asociación Galega de Periodistas deportivos (CIF G55406664), segundo resulta da documentación do expediente nº 25756-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4890001 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONDICIÓNS E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE ASOCIACIÓN GALEGA DE PERIODISTAS DEPORTIVOS EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO "XORNADAS NACIONAIS DE PERIODISMO DEPORTIVO" (Expte. 25756-333).

I.- O obxecto desta resolución é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento do proxecto de organización do proxecto deportivo "XORNADAS NACIONAIS DE PERIODISMO DEPORTIVO".

II.- O Concello de Vigo ten interese en potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións do deporte, en calquera das súas manifestacións. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores deportivos.

III.- Esta resolución incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que persegue.

IV.- O carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

V. A entidade Asociación Galega de Periodistas deportivos non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 25756-333.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte.2193/1102

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a celebración na cidade de Vigo das "XORNADAS NACIONAIS DE PERIODISMO DEPORTIVO", se establecen os seguintes compromisos:

COMPROMISOS

Primeiro.- A entidade Asociación Galega de Periodistas deportivos deberá:

1º.- Organizar o evento "XORNADAS NACIONAIS DE PERIODISMO DEPORTIVO", nas condicións detalladas na memoria presentada pola entidade e que acompaña ó expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven do desenvolvemento do proxecto.

3º.- Garantir as condicións necesarias co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades

5º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento municipal.

6º.- Realizar unha memoria completa do evento, que inclúa presencia da imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación.

7º.-.En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

8º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder á entidade Asociación Galega de Periodistas deportivos unha subvención pola organización das "XORNADAS NACIONAIS DE PERIODISMO DEPORTIVO" por importe de 17.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890001 do orzamento en vigor da Concellería de deportes mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento do proxecto.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento, unha vez aprobado o expediente en Xunta de Goberno Local.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente resolución.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

S.ord. 30/10/2026

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sexto.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria terá de prazo de 10 días hábiles dende a notificación da resolución da concesión da subvención, co límite do 15.12.26, para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org

A teor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas n presente resolución, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto detallado facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto desta subvención. Os gastos xustificativos con facturas e demáis documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaráse en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

  En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación, será comprobada pola área de Goberno de

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A presente resolución terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de decembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

Décimo cuarto.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación desta resolución, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta resolución e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia,

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto da presente resolución rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta resolución; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

10(949).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS SISTEMAS CONTRA INCENDIOS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. EXPTE. 8239/611.

Visto o informe xurídico de data 16/10/2026 e o informe de fiscalización de data 21/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/10/2026, asinado polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes-director técnico, o xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro de Deportes, o concelleiro de Área e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 12 de xuño de 2026

- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 19 de decembro de 2026 e publicado na plataforma de contratación.

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

- Anuncio de información previa (artigo 28.4 da LCSP).

- Memoria económica de data 21 de agosto de 2026, relativa aos seguintes extremos:

  ✔ Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.

  ✔ Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

  ✔ Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

- Certificados de retencións de créditos de data 27 de xullo de 2026

  ✔ Operación nº 12026000076964-RC-
  ✔ Operación nº -12026000076965 -RCFUT1-

- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 29 de xullo de 2026, modificado con data 21 de agosto de 2026.

- Declaración de neutralidade do redactor do proxecto de data 28 de xullo de 2026.

1. Memoria xustificativa de data 3 de agosto de 2026, modificada con data 24 de agosto de 202, relativa aos seguintes extremos:

   ✔ Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
   ✔ Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
   ✔ A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
   ✔ Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
   ✔ Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
   ✔ Xustificación dos medios persoais e materiais esixidos (artigo 76.2 LCSP).
   ✔ Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración **(**artigo 146.2LCSP). Ao tratarse dun servizo dos incluídos no Anexo IV da LCSP, o 55% da puntuación atribúese a criterios de calidade.
   ✔ Información esixida polo artigo 130 LCSP.
   ✔ Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
   ✔ Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
   ✔ Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

- ✔ Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 27 de agosto de 2026, correxido con data 5 de outubro de 2026.
- ✔ Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado polo Servizo de Contratación o 27 de agosto de 2026, correxido con data 8 de outubro de 2026.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. O concelleiro- delegado de Deportes mediante resolución de 8 de outubro de 2025 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizos (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento simplificado de tramitación abreviada por ser un contrato de servizos de valor estimado inferior a 60.000,00 euros.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, artigo 116 apartado 2, e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e146 LCSP). As condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financiera (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).
A tramitación do expediente realízase por procedemento ordinario art. 116. LCSP.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/11/2026 09:51	Páxina 45 de 118
2193-1102 Aprobado por XGL 06/11/2026	CSV: ACB628-E98826-55E4D9-LJPM91-WGNYBX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do **SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SISTEMAS CONTRA INCENDIOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES (expte nº 8239-611).**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 21 de agosto de 2026 asinado polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes-director técnico e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo Servizo de Contratación, con data 8 de outubro do 2026.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **72.581,12 euros con IVE** , sendo o IVE a soportar pola administración de **12.596,72 euros.**

DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES

anualidades	Importe €	partida orzamentaria
2026	4.536,33	34202279915
2027	18.145,28	34202279915
2028	18.145,28	34202279915
2029	18.145,28	34202279915
2030	13.608,95	34202279915

O contrato financiarase cos créditos do orzamento do Concello de Vigo, incluídos na seguinte aplicación orzamentaria e bolsa de vinculación: Área de Deportes: 3420.227.99.15 correspondente a “mantemento extintores”.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista, na forma prevista na lexislación en vigor.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
Expte.2193/1102

11(950).- MODIFICACIÓN DO ACORDO RELATIVO AO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DE VIGO PARA O ANO 2026. EXPTE. 99459/332.

Visto o informe xurídico de data 15/10/2026 e o informe de fiscalización de data 22/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/09/2026, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 19 de decembro de 2025, acordou o seguinte:

"***Primeiro.-*** *Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, ás persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026. (...):*

*ZONA 9. IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA (NIF: ***3259**) Pertence a grupo C2*

1. CEIP Balaídos.

2. CEIP Vicente Risco.

3. CEIP Altamar.

4. CEIP Ramón y Cajal.

*ZONA 10. JOSE ANTONIO FRANCO REZA (NIF ***9778**) Pertence a grupo C2*

1. CEIP Coruxo Carrasqueira.

2. CEIP A Paz Tintureira.

3. CEIP Sárdoma Moledo.

4. CEIP Mestres Goldar.

5. IES Coruxo Carrasqueira.

(...)

*ZONA 12. FERNANDO GONZÁLEZ NÚÑEZ (NIF ***5678**) Pertence a grupo C2*

1. CEIP García Barbón.

2. CEIP Lope de Vega.

3. Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico.

4. Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

5. IES Valadares. (...)".

S.ord. 30/10/2026

Noméanse ao efecto un total de 14 representantes municipais. Así mesmo, acordou:

"Segundo:.- *Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos B e C e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos D e E, consonte co recollido no artigo 30 e anexo IV do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.*
As asistencias aos Consellos escolares de Centro totalizaranse, a efectos de pago, dúas veces ao ano, o 31 de xullo e o 31 de decembro de 2026.
A previsión do gasto anual polo concepto "Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo" é de 15.500,00 euros, con cargo á bolsa de vinculación da partida 3230.233.0000 do orzamento de 2026.

Terceiro.- *Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, convocarase cando menos, de xeito trimestral.*"

Tal como se indica no informe proposta do técnico do Servizo de Educación, conformado pola xefa do servizo, pola concelleira delegada de Educación, pola concelleira da Área de Goberno de Educación e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, de data 28/11/2025, a efectos retributivos, a cantidade económica a percibir polos/as representantes municipais por asistencias aos Consellos Escolares de Centro serán as homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co recollido no artigo 30 e anexo IV do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo, e normativa de concordante aplicación:

- na categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos B e C 39,78 euros,
- na categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos D e E 36,72 euros.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro totalízanse, a efectos de pago, dúas veces ao ano, o 31 de xullo e o 31 de decembro. Os custes totais destinados ao pagamento das dietas por asistencias aos Consellos Escolares de Centro para o ano 2026 deben ser aplicados con cargo á bolsa de vinculación da partida orzamentaria 3230.233.0000 "Dietas de asistencia a Consellos Escolares" do orzamento do exercicio de 2026.
Con posterioridade á adopción deste acordo:
- Detéctase que o empregado municipal F. González Núñez pertence ao grupo C1, tendo tomado posesión dunha praza de programador informático en data 13/03/2025;
- En data 06/07/2026 a empregada municipal I.M. Álvarez Canella toma posesión dunha praza de administrativa de administración xeral (grupo C1);
- En data 09/09/2026 o empregado municipal J.A. Franco Reza toma posesión dunha praza de programador informático (grupo C1).

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas contempla que as Administracións Públicas poden rectificar en

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En data 14/08/2026, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a cantidade de 9.9997,02 euros en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares dos catorce representantes municipais no período xaneiro-xullo 2026, correspondendo ao empregado municipal F. González Núñez o importe de 844,56 euros (23 sesións x 36,72 euros).

O cambio de grupo do empregado municipal F. González Núñez implica un incremento no importe das dietas a percibir, polo que procedería percibir pola súa parte a diferenza dos importes entre as dietas dos grupos C2 e C1 naquelas sesións ás que asistiu no período de xaneiro a xullo de 2026 (3,06 € x 23 sesións = 70,38 euros) en concepto de atrasos.

No caso dos outros dous empregados estes cambios de grupo non implican modificación no crédito aprobado no punto segundo do acordo da Xunta de Goberno Local en data 19/12/2025 nin nos pagamentos efectuados ata a presente data.

O crédito en concepto de dietas por asistencias dos representantes municipais ás sesións do Consello Escolar, inicialmente previsto no punto segundo do acordo da Xunta de Goberno Local resulta ser insuficiente, razón pola cal se solicita o incremento do seu importe de cara a poder atender aos atrasos indicados no parágrafo anterior.

Para atender o anteriormente exposto, o incremento na retención de crédito xa efectuada que se calcula ascende a 66,22 euros, e podería imputarse á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.233.0000 (Dietas de asistencias a Consellos Escolares). O uso destes créditos con cargo á bolsa de vinculación non afecta ao normal funcionamento do servizo.

Por todo o anteriormente exposto, previo informe de Intervención Xeral, solicítase á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

"**Primeiro.-** Modificar o punto primeiro do acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/12/2025, nos apartados relativos ao grupo de pertenza dos empregados municipais das zonas 9, 10 e 12 que quedarían redactados da seguinte forma:

*'ZONA 9. IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA (NIF: ***3259**) Pertence a grupo C1*

1. CEIP Balaídos.

2. CEIP Vicente Risco.

3. CEIP Altamar.

4. CEIP Ramón y Cajal.

*ZONA 10. JOSE ANTONIO FRANCO REZA (NIF ***9778**) Pertence a grupo C1*

1. CEIP Coruxo Carrasqueira.

2. CEIP A Paz Tintureira.

3. CEIP Sárdoma Moledo.

4. CEIP Mestres Goldar.

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

5. IES Coruxo Carrasqueira.

*ZONA 12. FERNANDO GONZÁLEZ NÚÑEZ (NIF ***5678**) Pertence a grupo C1*

1. CEIP García Barbón.

2. CEIP Lope de Vega.

3. Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico.

4. Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

5. IES Valadares."

Segundo.- Recoñecer ao empregado municipal F. González Núñez, con NIF ***5678**, o dereito ao cobro en concepto de atrasos da cantidade de 70,38 euros.

Terceiro.- Aprobar un incremento de 66,22 euros na previsión do gasto anual polo concepto "Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo", con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.233.0000 do exercicio orzamentario de 2026."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(951).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2026. EXPTE. 21904/77.

Visto o informe de fiscalización de data 23/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 23/10/2026, asinado pola instrutora do expediente e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 24 de abril de 2026, aprobou as Bases Reguladoras e Convocatoria das **AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2026**, EXPTE. 21904/77.

As ditas bases se publicaron no BOPPO núm. 80 do 29.04.2026 e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS publicouse no BOPPO núm. 81 do 30.04.2026 así como na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes dende o día seguinte á súa publicación no BOP ata ó 17/07/2025 (do 04.05.2026 ao 17.07.2026), da que resultou a presentación das oitenta e unha (81) solicitudes seguintes segundo a súa orde de entrada e especifica a súa orde segundo o programa de axudas solicitado:

Orde	ord A	ord B	ord C	Doc. Entrada	Data Rexistro	EXPTE.	SOLICITANTE	NIF	Programa Solicitado
1	1			260106049	04/05/2026	22020/77	FELIPE ALBERTO FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	***7362**	A. INDEFINIDOS
2	2	1		260109070	04/05/2026	22022/77	BLAZQUEZ ASTORGA SLP	B27767342	A. INDEFINIDOS B. CONTRATAC
3	3			260109184	04/05/2026	22023/77	ZUNFER SA	A36635910	A. INDEFINIDOS
4	4			260109210	04/05/2026	22024/77	IDAE CONSULTORIA RR.HH SL	B36942340	A. INDEFINIDOS

Documento asinado

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

CONCELLO DE VIGO

Expte.2193/1102

Orde	ord A	ord B	ord C	Doc. Entrada	Data Rexistro	EXPTE.	SOLICITANTE	NIF	Programa Solicitado
5		2		206109268	04/05/2026	22025/77	COMPRAVENTA DOMÍNGUEZ SL	B36951218	B. CONTRATAC
6	5			260109287	04/05/2026	22026/77	CREMANDONGAL SL	B27835958	A. INDEFINIDOS
7	6			260109294	04/05/2026	22027/77	KALEIDO LOGISTICS SL	B27716422	A. INDEFINIDOS
8	7			260109314	04/05/2026	22028/77	GRUPO AG HOLDING FINANCIERO SL	B27705375	A. INDEFINIDOS
9	8			260110994	04/05/2026	22030/77	VEOVISION SOLUCIONES IP SLU	B27761923	A. INDEFINIDOS
10			1	260111156	04/05/2026	22031/77	BALTAR ABOGADOS Y ASESORES TRIBUTARIOS SLP	B27735539	C. MELLORA
11			2	260111411	04/05/2026	22032/77	CLÍNICA RESIDENCIA EL PINAR SL	B36630440	C. MELLORA
12	9			260111452	04/05/2026	22033/77	SUGARLI IMPORT SLU	B94043189	A. INDEFINIDOS
13	10			260112118	05/05/2026	22034/77	MARÍA CARMEN ALONSO ESTÉVEZ	***2699**	A. INDEFINIDOS
14	11			260112184	05/05/2026	22035/77	CREACIONES PAZ RODRÍGUEZ SL	B27766708	A. INDEFINIDOS
15	12			260112885	05/05/2026	22036/77	MARÍA LUISA MARTÍNEZ NÚÑEZ	***1589**	A. INDEFINIDOS
16	13			260112890	05/05/2026	22038/77	KALEIDO FREIGHT SERVICES SL	B27708999	A. INDEFINIDOS
17	14			260112922	05/05/2026	22039/77	LIDERA KNOWLEDGE SL	B27821305	A. INDEFINIDOS
18	15			260112937	05/05/2026	22041/77	HANGRY BOWLS SL	B19989045	A. INDEFINIDOS
19	16			260112982	05/05/2026	22042/77	TECTEL VIGO SL	B27821123	A. INDEFINIDOS
20	17			260113118	05/05/2026	22043/77	ANIBAL JOSÉ DOS RAMOS GUTIERREZ	***6790**	A. INDEFINIDOS
21		3		260113195	05/05/2026	22044/77	ACR & PROASA SL	B22709299	B. CONTRATAC
22			3	260113199	05/05/2026	22045/77	ANIBAL JOSÉ DOS RAMOS GUTIERREZ	***6790**	C. MELLORA
23	18			260113524	06/05/2026	22051/77	BORDA Y MAS COMPLEMENTOS INFANTILES SL	B27773530	A. INDEFINIDOS
24	19			260114142	06/05/2026	22047/77	BIVES TOUR SA	A36771731	A. INDEFINIDOS
25		4		260114315	06/05/2026	22048/77	ELIGE INTELIGENCIA DE NEGOCIO SL	B02857175	B. CONTRATAC
26	20			260114435	06/05/2026	22049/77	CONVERAGE PERFORMANCE SL	B56975816	A. INDEFINIDOS
27		5		260114473	06/05/2026	22050/77	CLÍNICA RESIDENCIA EL PINAR SL	B36630440	B. CONTRATAC
28	21			260114795	07/05/2026	22052/77	MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ ALONSO	***7665**	A. INDEFINIDOS
29	22			260114854	07/05/2026	22053/77	RECREATIVOS PORTAS SL	B36646149	A. INDEFINIDOS
30	23			260115130	07/05/2026	22056/77	XARDINERIA TALO SOC. COOP. GALEGA.	F13807128	A. INDEFINIDOS
31	24			260115200	07/05/2026	22057/77	SIMÓN RODRÍGUEZ PUGA	***4909**	A. INDEFINIDOS
32			4	260115213	07/05/2026	22058/77	FINCAS MAIGLER SL	B36935989	C. MELLORA
33	25			260115282	07/05/2026	22059/77	ANTONIO CID POZA	***0665**	A. INDEFINIDOS
34	26			260115396	07/05/2026	22060/77	LORENA BARCIA PÉREZ	***7231**	A. INDEFINIDOS
35			5	260115420	07/05/2026	22061/77	CONSTRUCCIÓN E COEFICIENTE BIOCLIMÁTICA BRETEMA SL	B27742063	C. MELLORA
36	27			260115532	07/05/2026	22062/77	TUYPAN SL	B36932606	A. INDEFINIDOS
37			6	260116057	08/05/2026	22063/77	SUMICAROL SL	B36623239	C. MELLORA
38	28			260116273	08/05/2026	22067/77	CALOR FRÍO Y MANTENIMIENTO SL	B36788826	A. INDEFINIDOS
39		6		260116466	08/05/2026	22073/77	VIGO ÓPTICA ENCARNA SL	B36786267	B. CONTRATAC
40			7	260116453	08/05/2026	22074/77	ANA BELÉN TABARA RODRÍGUEZ	***1074**	C. MELLORA
41		7		260116906	11/05/2026	22075/77	GALVIGO SL	B27709781	B. CONTRATAC
42			8	260116993	11/05/2026	22076/77	ANGEL ALBERTO SALAZAR BARBÁN	***2253**	C. MELLORA
43	29			260117276	11/05/2026	22077/77	CLÍNICAS NUTRENDO SL	B27876291	A. INDEFINIDOS
44	30			260117827	11/05/2026	22078/77	ASYSGON SL	B36806057	A. INDEFINIDOS
45		8		260118062	12/05/2026	22079/77	SIGALIA REAL ESTATE SL	B72451420	B. CONTRATAC
46	31			260119573	12/05/2026	22080/77	BEATRIZ GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	***3734**	A. INDEFINIDOS

S.ord. 30/10/2026

Orde	ord A	ord B	ord C	Doc. Entrada	Data Rexistro	EXPTE.	SOLICITANTE	NIF	Programa Solicitado
47			9	260112790	13/05/2026	22084/77	MAZ VIGO SL	B36954022	C. MELLORA
48			10	260121784	14/05/2026	22086/77	DOSAL FISIOTERAPIA Y READAPTACIÓN SL	B05387246	C. MELLORA
49	32			260122206	14/05/2026	22087/77	METALSHIPS & DOCKS SAU	A36865517	A. INDEFINIDOS
50	33	9		260123055	15/05/2026	22088/77	HOGARLIN SA	A36625507	A. INDEFINIDOS B. CONTRATAC
51		10		260124664	19/05/2026	22090/77	COMPRAVENTA DOMÍNGUEZ SL	B36951218	B. CONTRATAC
52			11	260124874	19/05/2026	22091/77	TERMOCALOR VIGO SL	B36771749	C. MELLORA
53		11		260124982	19/05/2026	22092/77	E-LUZ ENERGY SOLUTIONS SL	B01654359	B. CONTRATAC
54	34			260125329	19/05/2026	22093/77	TAX ASVISORS VIGO SL	B27821875	A. INDEFINIDOS
55	35			260125458	19/05/2026	22094/77	COSTA OESTE DEL ATLÁNTICO SL	B36946002	A. INDEFINIDOS
56		12		260129120	22/05/2026	22097/77	FOROX INNOVACIÓN SL	B27442014	B. CONTRATAC
57	36			260129780	25/05/2026	22098/77	HUMBERTO LOMBA Y ASOCIADOS SL	B27756154	A. INDEFINIDOS
58			12	260129870	25/05/2026	22099/77	PANADERÍA EL TRIGAL CELTA SL	B36834786	C. MELLORA
59	37			260130257	25/05/2026	22102/77	FRUTAS NIEVES SL	B36628196	A. INDEFINIDOS
60			13	260130592	25/05/2026	22103/77	XECOGALICIA SL	B27782721	C. MELLORA
61			14	260130831	26/05/2026	22104/77	INVERSORITY SL	B70984273	C. MELLORA
62	38			260132975	27/05/2026	22106/77	EDUARDO CASTIÑEIRAS SL	B36855286	A. INDEFINIDOS
63	39			260134435	29/05/2026	22108/77	PROGECO VIGO SA	A36772663	A. INDEFINIDOS
64	40			260135141	29/05/2026	22110/77	PANADERÍA MOLARES ARTESANOS SL	B36861441	A. INDEFINIDOS
65		13		260135548	01/06/2026	22112/77	LIMPIEZAS FRANKFURT SL	B36847879	B. CONTRATAC
66		14		260136923	02/06/2026	22114/77	PDR VE NEOLUX SL	B70721246	B. CONTRATAC
67	41			260140403	04/06/2026	22120/77	ORKA VELAS SL	N36832467	A. INDEFINIDOS
68		15		260140507	04/06/2026	22122/77	HOGARLIN SA	A36625507	B. CONTRATAC
69		16		260140551	04/06/2026	22123/77	NOELIA RIVERA AMORÍN	***7838**	B. CONTRATAC
70			15	260140577	04/06/2026	22124/77	TRABALLOS PRA TI SL	B27846872	C. MELLORA
71			16	260142552	08/06/2026	22140/77	CIUDAD DE VIGO SL	B36613347	C. MELLORA
72	42			260144523	10/06/2026	22141/77	REGAL ASISTENCIA SL	B27790385	A. INDEFINIDOS
73		17		260148466	15/06/2026	22191/77	KALEIDO FREIGHT SERVICES SL	B27708999	B. CONTRATAC
74	43			260151308	17/06/2026	22192/77	CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES CIP SL	B36757557	A. INDEFINIDOS
75	44			260151487	18/06/2026	22193/77	PLANIFICACIÓN ESTRATÉGICA DE ENERGÍA SL	B67849711	A. INDEFINIDOS
76	45			260176485	23/06/2026	22196/77	BAMBINOS LA TIENDA DE LOS PEQUES SL	B27825793	A. INDEFINIDOS
77	46			260177890	25/06/2026	22197/77	REBOREDA Y PÉREZ INGENIERÍA SL	B67733725	A. INDEFINIDOS
78		18		260184793	03/07/2026	22199/77	CLÍNICA RESIDENCIA EL PINAR SL	B36630440	B. CONTRATAC
79			17	260186039	06/07/2026	22201/77	DILU CONSULTORES SL	B27881119	C. MELLORA
80	47			260189189	08/07/2026	22204/77	IMPULSORA TURÍSTICA ALPAMAN SA	A36682433	A. INDEFINIDOS
81	48			260189222	08/07/2026	22214/77	HOSCOSVE SL	B36744803	A. INDEFINIDOS

As bases da convocatoria das Axudas Municipais á Contratación establecen que *"As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 4700006 denominada "Axudas á Contratación" do vixente orzamento por un importe total de 235.000,00 € (douscentos trinta e cinco mil euros) que se distribuirán segundo o programa de axudas..."*

A Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área Goberno de Emprego, Patrimonio,

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte.2193/1102

Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude (R.A. do 25/09/2025, BOPPO nº 186 do 30/09/2025), con data do 24/09/2026 resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo coa *base 8ª, apartado 8.2*, que se reuniu nas datas do 25/09/2026 e do 20/10/2026 segundo consta nas actas incorporadas ao expediente, tendo formulado a correspondente proposta de resolución para adopción de acordo pola Xunta de Goberno Local, previa fiscalización do expediente.

A Comisión de valoración procedeu á avaliación das solicitudes presentadas nos termos do disposto na *Base 8ª. Procedemento de concesión das axudas, órganos competentes para a instrución e resolución e criterios obxectivos de adxudicación* deixando constancia do resultado da avaliación debidamente motivada na acta do 25/09/2026 e na acta do 20/10/2026 de rectificación de erro aritmético nas conclusións presentadas na mecanización do montante total do P. Mellora e no reconto de persoas traballadoras beneficiarias do P. Indefinidos do xénero masculino, o que non modifica a parte dispositiva, tal e como consta no expediente.

Segundo a base 8.1 Instrución e tramitación das axudas *"... a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente."*

De conformidade coa base 8.1, procedeuse a ordenar segundo a orde de entrada de cada solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Vigo e a súa orde segundo o programa de axudas solicitado. Seguindo este orden, verificouse que cumpren os requisitos contidos nas bases reguladoras e convocatoria e, de conformidade coa *base 4ª*, apartados *a.2. b.2* e *c.2 Tipos e contías da axuda*, se calcularon os importes a subvencionar para cada solicitante considerando a cantidade asignada a cada programa de axudas, e a cantidade máxima autorizada de 235.000,00 €:

1. Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos:

Ord Prg	Expte.	Solicitante	NIF	Prog Solic	Nº traballadores	Transfmc. contrato	Incremento colectivo				Increm. Dimens. empresa	Xorn. laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
							Idade	Disc	Muller	VVD				
1	22020/77	FELIPE ALBERTO FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	***7362**	Indef	1	2.000,00 €	500,00 €	0,00€	500,00 €	0,00€	500,00€	100%	3.500,00 €	3.500,00 €
2	22022/77	BLAZQUEZ ASTORGA SLP	B27767342	Indef	1	2.000,00 €	500,00 €	0,00€	500,00 €	0,00€	0,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
4	22024/77	IDAE CONSULTORIA RR.HH SL	B36942340	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	500,00 €	0,00€	500,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
5	22026/77	CREMANDONGAL SL	B27835958	Indef	1	(1)	(1)	(1)	(1)	(1)	(1)	(1)	2.500,00 €	2.500,00 €
Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica media de actividades culturais e educativas e pola xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada ao abeiro do disposto no artigo 159.6 da LCSP.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª.8 LCSP), así como a incorporación de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/11/2026 09:51	Páxina 69 de 118
2193-1102 Aprobado por XGL 06/11/2026	CSV: ACB628-E98826-55E4D9-LJPM91-WGNYBX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP, e o documento contable, proponse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO:**

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do subministro de caramelos para a Cabalgata de Reis 2027 (10760-335).

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 30 de setembro de 2026, asinado pola técnica media de actividades culturais e educativas e pola xefa do Servizo de Festas, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 13 de outubro de 2026, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 24.640,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 22.400 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 "Cabalgata de Reis" e bolsa de vinculación.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(953).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS PERÍODO 2025-2026. EXPTE. 280/1061.

Visto o informe de fiscalización do 27/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/10/2026, asinado pola técnica media de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Festas e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte.2193/1102

Con data 3 de xullo de 2026 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais copatronais, gastronómicas, festivais folclóricos e actividades socioculturais, periodo 2025 - 2026 (expte. 280/1061). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 460.000,00 € con cargo a partida 3380.489.0000 (Transf. a entidades e comisións de festas) do programa de Festas para o vixente exercicio.

Con data, 15 de xullo de 2026 foron publicadas no BOOPO as bases reguladoras das subvencións para desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e actividades socioculturais, período 2025 - 2026. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou dende o día seguinte ao de publicación do extracto no BOOPO, sendo do 27 de xullo ao 14 de agosto de 2026 ambos os dous incluídos.

Faise constar que, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Compróbase que o expediente de cada solicitante proposto como beneficiario contén os certificados acreditativos de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa AEAT, coa Xunta de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo de conformidade co artigo 22 RD 887/2006 con carácter positivo e vixente, polo que faise necesaria a tramitación desta subvención co compromiso orzamentario no ano do seu inicio e executándose con cargo aos orzamento do ano 2026.

Respecto ao órgano competente para a concesión é a Xunta de Goberno Local conforme ao previsto nas bases e no artigo 127. 1 g) LRBRL e, fronte ao acordo, proceden os recursos previstos nas bases reguladoras da convocatoria.

De conformidade co establecido no artigo 8. 1 c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno deberá facerse pública, entre outra información, a relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios.

En sentido similar pronúnciase o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, se ben a devandita Lei non resulta de aplicación ás Entidades Locais, na medida na que o seu artigo 3 non inclúe a estas últimas no seu ámbito subxectivo de aplicación. Procedese á resolución das solicitudes que optan a liña 2 conforme á base 8.2, as liñas 1 e 2 poderán tramitarse de xeito individualizado unha vez recibidas o total das solicitudes, clasificadas e valoradas en cadansúa liña, e coñecido o importe a conceder na liña 1.

Conforme a acta Comisión de Avaliación de 15.10.2026, que leva anexa a folla de cálculo co detalle das puntuacións e dos importes concedidos e á vista do exposto, e de acordo co estabelecido na base oitava, punto 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade do concelleiro de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude ás entidades que a continuación se relaciona:

EXPTE	NOME DA ENTIDADE	CIF	MOTIVO:

S.ord. 30/10/2026

319 -1061	Asoc. Comisión de Festas dos Ramallos	G36878395	Por non atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (base 5.6)

SEGUNDO.- Unha vez finalizada a avaliación das solicitudes que optaron ao concepto a subvencionar da Liña 1 o saldo restante (54.000,00 €) distribuirase entre as solicitudes que optaron aos conceptos a subvencionar da liña 2.

Liña 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas, as entidades participantes poderán optar a un máximo de dúas subvencións para festas diferentes dentro desta liña:

2.1.-Proxectos de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura.

2.2.- Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias.

TERCEIRO.- Outorgar as seguintes subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, gastronómicas e actividades socioculturais período 2025-2026 ás entidades e cos importes que se sinalan na seguinte táboa, dispondo o gasto con cargo á partida orzamentaria 3380.4890000 “Transf. a entidades e comisións de festas” do orzamento en vigor:

Expte	Entidade	CIF	Programa	importe subv.
300-1061	Asociación Cultural Traspes	G27739861	XIII Concurso Canto e Percusión Tradic. Traspés	951.54 €
			Festa fin de curso Traspés	773.13 €
307-1061	Sociedad Cultural e Deportiva Atlántida de Matamá	G36620854	Festifolc 2025	1,248.90 €
309-1061			Festa do Socio 2026	1,189.43 €
338-1061	Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	G27762434	Samaín 2026	654.19 €
339-1061	Agrup. Centros D. E Culturais do Concello de Vigo	G36791291	I Festival bandas de gaitas	1,189.43 €
326-1061	Asociación Cultural e Deportiva Val do Fragoso	G36640860	Noite de San Xoan	1,724.67 €
325-1061			Entroido	476.43 €
291-1061	Asoc Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	XXXVIII Festa de San Xoan	1,308.37 €
292-1061			XXXVI Certamen Festa da Tortilla e Churrasco	1,308.37 €
317-1061	Asociación Irmandade Nosa Sra. da Alba	G36887933	Romaría do Alba 2026	1,308.37 €
294-1061	Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo	V36658680	XII Festa Infantil	951.54 €
324-1061	Asociación Cultural As da Industria	G27852755	San Xoán	362.42 €
328-1061			Son da Industria – Día das Letras Galegas	773.13 €
281-1061	Monte da Mina – Castrelos	G36623593	Festa da Convivencia	1,367.84 €
296-1061	Asoc. Cult. Recreativa S. Mamede de Zamáns	G36691855	Festa do Socio	1,000.00 €
337-1061	Asociación Sforza Bembrive	G06929418	III Serán a Sidra	475.77 €
			Vibración POP	475.77 €
348-1061	Asociación Veciños de Parada-Maceiriña	G36655942	Serán Popular	892.07 €
			Festival Outono	1,129.96 €
286-1061	Asoc. Veciñal Cultura e Deportiva de Cabral	G36651073	Fogueira de San Xoán	800.00 €
			XXXVI Festa do Socio	1,486.78 €
342-1061	Asociación Cultural “Xarabal”	G36884864	Xarabal en letras II	364.00 €
			Magosto Popular	713.66 €
343-1061	Asoc. Veciños San Pedro de Matamá la Unión	G36654036	Festa de San Xoán	1,189.43 €
349-1061	Asoc. Veciños de Beade AVCU-CSCR	G36632081	Festa do Socio	1,486.78 €
321-1061	Asociación Unión Musical de Valladares	G36639110	Festival VIGOSAXFORUM 2026	1,308.37 €
			Festival VERBENA SINFÓNICA 2026	1,189.43 €

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

302-1061	asoc. Irmandade Nsa. Sra. Neves – Matamá	G36954162	Festa da empanada	1,011.01 €
298-1061	Comisión de Festas Sta. Eulalia de Alcabre	G56634306	Cine e Magosto Popular	773.13 €
			Concerto de Nadal	535.24 €
346-1061	Asoc. S. Cultural, Deportiva e R. Helios	G36633428	Festa do Socio 2026	1,367.84 €
303-1061	Asoc. Veciños Nosa Terra de Alcabre	G36649374	Fogueira San Xoan 2026	1,427.31 €
341-1061	Asoc. Centro C. Artístico e R. de Valladares	G36617082	Letras Galegas 2025 (XVIII Edición)	1,724.67 €
			Memorial Moxenas Edición XIV	1,546.26 €
297-1061	Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán	G36863348	San Xoán	1,189.43 €
			Magosto	1,100.00 €
334-1061	S. Cultural R. De Pardavila	G36648996	San Xoan	809.25 €
331-1061	Asoc. Festas del Rosario	G36710689	Samaín 2026	892.07 €
347-1061	Asoc. Veciñal Socio-Cultural e Deportiva San Miguel de Oia	G36648640	50 Aniversario da Asociación	1,189.43 €
			Gastronómicas (Chourizada)	576.49 €
335-1061	Ateneo Musical de Bembrive	G36784197	Chavellos Sinfónico	892.07 €
			Cristina Collazo e Xardín Musical	892.07 €
316-1061	Centro Recreativo Artístico e Cultural Coruxo	G36627495	Sardiñada de San Xoan	1,189.43 €
314-1061			Enterro do castrón	873.68 €
345-1061	Asoc. Coral Polifónica Anduriña	G36898708	XIX Fest.I. de Habaneras y Polifonía Coruxo	1,011.01 €
301-1061	Federación de Peñas recreativas El Olivo	G36704666	Festa de Peñas e Voluntariado	1,129.96 €
333-1061	Agrupación Musical LIRA S. Miguel de Oia	G36638419	Festilira 2026	1,189.43 €
352-1061	A.C. Abellá Producciónss	G27877703	PONTES 2026	1,011.01 €

O importe total concedido ao concepto subvencionábel Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas ascende a **50.430,55 €.**

CUARTO.- Notificar o acordo a tódolos interesados, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do dia seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

QUINTO.- Ordear a publicación da concesión das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto nos artigos 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(954).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE VALADO DE MADEIRA PARA ZONAS VERDES. EXPTE. 52066/446.

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

Visto o informe xurídico de data 09/10/2026 e o informe de fiscalización do 16/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/09/2026, asinado pola adxunta á Xefatura do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 17 de xuño de 2026, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en data 19 de xuño de 2026, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado para a contratación do *Subministro de Valado de Madeira para Zonas Verdes* (expte. 52066/446).

2.- En data 3 de agosto de 2026, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo emite documento económico de retención de crédito, RC 12026000077891, por importe de 15.000,00€ e RC_FUT 12026000077892, por importe de 30.000,00€.

3.- En data 4 de setembro de 2026, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, de data 7 de setembro de 2026 e do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda de data 8 de setembro de 2026, a memoria económica (MEC).

4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 8 de setembro de 2026, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

5.- A memoria xustificativa (MEX), de data 15 de setembro de 2026, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais.

6.- En data 16 de setembro de 2026, a técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos emiten informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xa técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, con data 16 de setembro de 2026.

8.- O presente contrato non está previsto no plan anual de contratación, pero atópase contemplado no orzamento vixente, constando no expediente de contratación os seus documentos contables correspondentes.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 25 de setembro de 2025 (BOP Nº 188, de data 02/10/2025), modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2025 (BOP Nº 217, de data 12/11/2025) nos concelleiros de Área de Goberno e nos concelleiros delegados. O concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en resolución de 19 de xuño de 2026, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP trátase dun contrato de subministro e, en concreto, de subministro en función das necesidades da Administración con orzamento máximo (Disposición adicional 33ª da LCSP).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado de tramitación abreviada e a forma de tramitación do expediente é a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131,2 e 159 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é 37.190,08€.

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do contrato de ***SUBMINISTRO DE VALADO DE MADEIRA PARA ZONAS VERDES,*** así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 8 de setembro de 2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 16 de setembro de 2026.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **45.000,00 euros,** que inclúe un IVE de 7.809,92 euros, o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.2100000 “Mantemento Parques, Xardíns, Alamedas e Parques Forestais”, distribuído nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2026	15,000.00 €
2027	30,000.00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 3 de marzo de 2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(955).- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ZONAS DE XOGOS, MOBILIARIO URBANO, FONTES ORNAMENTAIS E PISCINAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 52124/446.

Visto o informe xurídico de data 17/09/2026, o informe de fiscalización de data 13/10/2026, a dilixencia de data 28/10/2026 asinada pola adxunta á Xefatura do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe de dito Servizo, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/09/2026, asinado pola adxunta á Xefatura do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe do Servizo e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro: Con data 21 de xaneiro de 2021 formalizouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a entidade mercantil FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U., para a prestación dos servizos de mantemento e conservación das zonas de xogos, mobiliario urbano, fontes ornamentais e piscinas do Concello de Vigo, cunha duración de cinco (5) anos, finalizando o mesmo o 31 de xaneiro de 2026, sen posibilidade de nova prórroga conforme aos pregos e á Lei de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno local, en sesión ordinaria de 30 de decembro de 2021, tomou razón da sucesión por transmisión da unidade económica de FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U. a favor de Compañía Española de Servizos Públicos Auxiliares, S.A. (CESPA, S.A.), e na sesión ordinaria de 21 de abril de 2022, tomou razón do cambio de denominación social de CESPA, S.A. a PREZERO ESPAÑA, S.A., como empresa contratista do servizo.

A prestación comezouse a realizar a partir do 1 de febreiro de 2021.

Segundo. Coa antelación debida iniciouse novo expediente de contratación para a adxudicación do servizo (expte. 51261/446). O contrato asinouse o día 13 de maio de 2026, iniciándose a prestación do servizo o día 1 de xuño de 2026, por parte da nova concesionaria, FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.

Tercero. O procedemento experimentou retraso na súa tramitación debido a circunstancias administrativas propias dun procedemento complexo administrativamente, non sendo imputable ao contratista.

S.ord. 30/10/2026

Cuarto. Desde o 1 de febreiro de 2026 o servizo continuou prestándose pola mesma empresa, PREZERO ESPAÑA, S.A., en idénticas condiciones técnicas e económicas ás do contrato extinguido.

Quinto. Por resolución do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais de data 3 de agosto de 2026, iniciouse o expediente para a aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito e o conseguinte gasto a favor da mercantil, PREZERO ESPAÑA, S.A., NIF A82741067, polas seguintes facturas:

Nº Documento	Nº Factura	Concepto	Fecha Factura	Importe
260054479 (Expte.52125/446)	5603246773	Canon mensual – Febrero 2026	02/28/26	102,621.84 €
260081175 (Expte.52126/446)	5603247651	Canon mensual – Marzo 2026	03/31/26	102,621.84 €
260112191 (Expte.52127/446)	5603248281	Canon mensual – Abril 2026	04/30/26	93,801.52 €
260144137 (Expte.52128/446)	5603249347	Canon mensual – Mayo 2026	06/09/26	68,821.93 €

Por un importe total de **367.867,13€** (IVE 21% engadido), en concepto de prestación do servizo de mantemento e conservación das zonas de xogos, mobiliario urbano, fontes ornamentais e piscinas do Concello de Vigo, durante os meses de febreiro, marzo, abril e maio de 2026, con cargo á aplicación orzamentaria 1710.2279902 “Mantemento de parques infantís e biosaudables, Bancos, Fontes...”, do vixente orzamento municipal e na que existe crédito suficiente.

Sexto. Consta no expediente Memoria para o recoñecemento extraxudicial de crédito, de data 7 de setembro de 2026.

Coa imputación deste gasto aos actuais orzamentos municipais non se provoca perxuízo nin limitación algunha para realización de todas as atencións do exercicio corrente.

O expediente para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, será informado polo Asesor Xurídico da Área e pola Intervención Xeral a efectos da súa fiscalización. Así mesmo a Intervención Xeral incorporará ao expediente o documento contable que proceda.

Ante o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Declaración de nulidade da prestación dos servizos prestados pola entidade, PREZERO ESPAÑA, S.A., NIF A82741067.

Segundo.- Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos a favor da empresa, PREZERO ESPAÑA, S.A., NIF A82741067, por un importe total de **367.867,13€** (IVE 21% engadido), en concepto de prestación do servizo de mantemento e conservación das zonas de xogos, mobiliario urbano, fontes ornamentais e piscinas do Concello de Vigo, durante os meses de febreiro, marzo, abril e maio de 2026, con cargo á aplicación orzamentaria 1710.2279902

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

"Mantemento de parques infantís e biosaudables, Bancos, Fontes...", do vixente orzamento municipal e na que existe crédito suficiente.

Nº Documento	Nº Factura	Concepto	Fecha Factura	Importe
260054479 (Expte.52125/446)	5603246773	Canon mensual – Febrero 2026	02/28/26	102,621.84 €
260081175 (Expte.52126/446)	5603247651	Canon mensual – Marzo 2026	03/31/26	102,621.84 €
260112191 (Expte.52127/446)	5603248281	Canon mensual – Abril 2026	04/30/26	93,801.52 €
260144137 (Expte.52128/446)	5603249347	Canon mensual – Mayo 2026	06/09/26	68,821.93 €

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(956).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO A PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022. EXPTE. 49395/220.

Visto o informe de fiscalización do 22/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 06/10/2026, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2020-2021-2022 (2ª fase da convocatoria (BOPPO 21, de 31 de xaneiro de 2025) incluía unha praza de Técnico/a Superior en Actividades Culturais e Educativas, subgrupo A1, pola quenda libre.

II.- Segundo a acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de Técnico/a Superior en Actividades Culturais e Educativas, acordou en sesión de data 17/07/2026, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a seguinte proposta:

Propoñer o nomeamento como funcionario de carreira con cargo a unha praza vacante de TÉCNICO SUPERIOR ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS, enmarcada no Grupo A de titulación; Subgrupo A1; Escala Administración Especial; subescala, servizos especiais; clase, cometidos especiais e que figura incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) 2020-2021-2022 do Concello de Vigo (3a Fase), ó aspirante D. J. VÁZQUEZ LIÑEIRA (DNI n.o ***2139**), que foi o único que superou todas as probas previstas neste proceso selectivo e acadou unha puntuación total de 16,55 puntos».

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

III. A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 17/06072026.

IV.- Consta dilixencia de verificación administrativa de 18/08/2026 segundo o cal as persoas propostas, presentaron en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.
A vista das actuacións prioritarias de cobertura de prazas vacantes e da calendarización da execución da oferta, procédese á tramitación da proposta de nomeamento.

V.- Comprobada a aplicación de xestión de persoal, salvo erro ou omisión, consta existencia de prazas vacantes non ocupadas interinamente de Técnico/a Superior en Actividades Culturais e Educativas (asociadas a posto 342).

VI.- Consta no expediente informe favorable de fiscalización, emitido con data 20.08.2026.

VII.- Segundo o Informe Técnico emitido en data 16.09.2026, no Orzamento vixente do Concello de Vigo, existen tres prazas de "Técnico/a Superior de actividades culturais e educativas", no cadro de persoal/plantilla; estas tres prazas están asociadas aos postos de traballo de Director /a Museo, Xefe Museos Municipais, en servizo cod 14 Museos e Técnico responsable Educación Adultos (Vacante) en servizo cod 342 Educación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS
I.- Normativa de aplicación.- -Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
  "*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que*"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

"*FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública.”* A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”,* establecendo que *“en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

a) Superación del proceso selectivo.

b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.

c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.

d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria."
Os prazos establecidos para a toma de posesión contémplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluidas na Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.
Neste caso procede o nomeamento como funcionarios/as de carreira, nas prazas de Técnico/a Superior en Actividades Culturais e Educativas, con cargo ás prazas vacantes pola quenda libre enmarcadas no subgrupo A1; incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020-2021-2022, fase 3 de Concello de Vigo, a:

- J. VÁZQUEZ LIÑEIRA (DNI n.o ***2139**)

III.- Observacións respecto da xornada e horario.
En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais;

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excma. Alcaldía de 26/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025

En base ao exposto, elévase ao órgano municipal competente a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022 de Técnico/a Superior en Actividades Culturais e Educativas, enmarcadas no Grupo A de titulación; Subgrupo A1; Escala de Admón. Especial; Subescala técnica, ao aspirante que superou o proceso selectivo e acadou a máxima puntuación:

- J. VÁZQUEZ LIÑEIRA (DNI n.o ***2139**)

SEGUNDO.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarios/as de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(957).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS". EXPTE. EXPTE. 1966/441.

Visto o informe xurídico do 16/10/2026 e o informe de fiscalización do 26/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/10/2026, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LHL)
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de "Nova grada de gol do estadio municipal de Balaídos" (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de "Nova grada de gol do estadio municipal de Balaídos" (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 5 de abril de 2024 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o proxecto de "Nova grada de gol do estadio municipal de Balaídos"**,** redactado por un equipo multidisciplinar e asinado polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación de 25.642.713,10€ (nº expediente 4865-443).

Segundo.- A XGL, na sesión do 5 de xullo de 2024, acordou aprobar o expediente de contratación das obras do proxecto de "Nova grada de gol do estadio municipal de Balaídos", autorizar o gasto correspondente ao mesmo, e a apertura do procedemento de licitación (nº expediente 1966-441).

Terceiro.- O 2 de decembro de 2024, tras a tramitación do procedemento de licitación, a XGL adoptou o seguinte acordo:

> "*Adxudicar a S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA (A-32.015.844) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de nova grada de gol do Estadio municipal de Balaídos (1.966-441) coas seguintes condicións:*
>
> a) *O prezo total do contrato é de 24.821.940,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.307.940,00 euros.*
>
> b) *Oferta a execución da seguinte mellora: implantación dun sistema de avaliación de edificios intelixentes (PM1), cuantificada en 276.638,00 euros (PEM)*".

1.

Cuarto.- Para responder do cumprimento deste contrato SOCIEDAD ANÓNIMA DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA CIF A32015844 constituíu garantía definitiva mediante aval bancario por importe de 1.025.700 euros e co número de documento 12024000187743, de conformidade coa certificación da Tesourería municipal de data 19 de novembro de 2024.

Quinto.- O contrato formalizouse o día 8 de xaneiro de 2025, en documento administrativo por un prazo de 23 meses, contado a partir do día seguinte ao da data de levantamento da acta de comprobación de replanteo. Esta asinouse o 28 de xaneiro de 2025 (trámite 49 do expediente nº 6691-443).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

Sexto.- O concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 15 de xaneiro de 2025, acordou aprobar o nomeamento como titulares da dirección facultativa ao enxeñeiro de camiños, canais e portos Jerónimo Centrón Castaños e a enxeñeira industrial Cristina Tapias Bouso (trámite 6 do expediente nº 6691-443).

Sétimo.- O día 3 de marzo de 2026, a dirección facultativa das obras emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do contrato de obras do proxecto de "Nova grada de gol do estadio municipal de Balaídos".

Á vista deste informe, o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, previo informe proposta do servizo xestor, o 5 de marzo de 2026, resolveu autorizar o inicio do expediente administrativo de modificación.

Oitavo.- A dirección facultativa da obra, e a asistencia técnica á mesma, asinan o proxecto modificado nº1 das obras de "Nova grada de gol do estadio municipal de Balaídos" o día 24 de agosto de 2026.

Noveno.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista e ao redactor do proxecto, durante o prazo conferido para o efecto, estes manifestaron a súa conformidade coa modificación proposta en escritos asinados o día 25 de agosto de 2026.

Décimo.- A Dirección Facultativa da obra emite informe técnico sobre o proxecto modificado n.º 1 das obras o día 3 de setembro de 2026, que é informado favorablemente pola Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Técnica Municipal o mesmo día.

Undécimo.- En data 4 de setembro de 2026 a área xestora do expediente propón, coa conformidade do concelleiro delegado, a modificación do contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

-II-
Da potestade de modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigo 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
b) No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
c) A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
d) Limite máximo do 20% do prezo inicial.
e) A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

En canto ás modificacións non previstas no PCAP, o artigo 205 da LCSP establece que só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.

b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Pola sua parte, o apartado 2 do mesmo artigo indica que os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no mesmo artigo, son os seguintes:

a) Prestacións adicionais

Cando deviñera necesario engadir obras, subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os seguintes dous requisitos:

1) Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerase inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación. En ningún caso considerarase un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

2) Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

b) Circunstancias imprevisibles

Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

1) Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.

2) Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

3) Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

c) Modificacións non substanciais

Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

As modificacións non previstas acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído (artigo 26 da LCSP).

-III-
Da modificación do contrato de obras de "Nova grada de gol do estadio municipal de Balaídos"

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

O contrato que se pretende modificar é un contrato de obras que ten por obxecto a execución das obras do proxecto de "Nova grada de gol do estadio municipal de Balaídos".

A modificación é proposta pola dirección facultativa, en informe de data 3 de marzo de 2026. Del despréndese que comprende tanto modificacións previstas no PCAP, como modificacións non previstas dos supostos do artigo 205 LCSP. Hai que ter en conta tamén o previsto no artigo 242 especificamente para a modificación dos contratos de obras.
Comezaremos por analizar a **concorrencia dos requisitos esixidos para o exercicio do ius variandi:**

1. Que concorra unha razón de interese público.
2. Que se modifique na forma prevista legalmente: ou ben cumprindo os requisitos do artigo 204 ou do 205, segundo se trate dunha modificación prevista no prego ou non.
3. O procedemento será o regulado no artigo 191 da LCSP, coas particularidades previstas no artigo 207 da LCSP, e no seu caso as recollidas no prego que rexe o contrato. Do procedemento nos ocuparemos no fundamento xurídico seguinte.

1.- A concorrencia dunha razón de interese público
A modificación obedece a unha razón de interese público, levar a cabo a renovación da bancada de gol do estadio de Balaídos, instalación deportiva municipal, nunhas condicións adecuadas, o que non é posible sin a modificación por mor da aparición de diversas circunstancias durante a execución do contrato que non resultaban previsibles. Así, informa a dirección facultativa no seu informe técnico que:

> *"As citadas modificacións, propostas no presente Modificado nº 1 das obras do "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS. (1966/441)" non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público, xa que permiten levar a cabo en condicións adecuadas a correcta finalización das obras en execución, sendo o seu obxectivo a renovación total da bancada existente de Gol no estadio Municipal de Balaídos:*
>
> - *As modificacións derivadas da aparición de condicións e elementos do subsolo distintas ás recollidas no proxecto e descritas no apartado II.1, resultan de interese público xa que son necesarias para garantir o correcta evacuación das augas de rego do céspede do terreo de xogo e asemade evitan crear infraestruturas, co seu correspondente coste, sen previsión de uso no ámbito de actuación.*
> - *As modificacións descritas no apartado II.2, resultan de interese público xa que son necesarias para a correcta adaptación dos espazos da nova grada de Gol ás mesmas premisas da ampliación da grada de Marcador, o cal aumenta a capacidade de aforo da grada para o disfrute dos eventos deportivos que na instalación se poidan organizar, garantindo as condicións de evacuación da nova grada ampliada.*
> - *Do mesmo xeito, as modificacións non substanciais indicadas no apartado II.3, constitúen actuacións de interese público xa que con elas búscase non executar as instalacións auxiliares previstas no proxecto durante a execución das obras, e que na actualidade non se consideran necesarias, co conseguinte aforro de custes.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

- *As modificacións non substanciais indicadas no apartado II.4, constitúen actuacións de interese público xa que con elas búscase non executar actuacións sobre outra grada, a zona aporticada da fachada de Tribuna, que incorran en un gasto público de escasa vida útil, dado que a citada infraestrutura debería ser demolida no momento de iniciarse as obras da previsible ampliación da grada de Tribuna.*
- *Do mesmo xeito, as modificacións non substanciais indicadas no apartado II.5, constitúen actuacións de interese público xa que con elas búscase non executar as instalacións de iluminación decorativa puntual nos encontros da grada de Río con Marcador e Gol, de xeito que se poida abordar un estudo global de toda a iluminación da fachada coa finalidade de que o edificio, tanto coa súa configuración actual como coa resultante da eventual ampliación, sexa concibido como un conxunto unitario cunha mellor integración do conxunto edificatorio e contribúa a unha optimización do custo económico repercutido.*

Considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente."

A promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre é unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio a teor do disposto no artigo 25.2l e 26.1 da LBRL e 80.2n e 81 da LALGA.

2.- Que se modifique na forma prevista legalmente e nos pregos
A proposta do servizo inclúe tanto modificacións previstas no prego como modificacións no previstas no mesmo.

Con respecto as modificacións previstas no PCAP é preciso que se cumpran tanto os requisitos previstos no artigo 204, como os previstos no prego (artigo 207.1 LCSP). As non previstas deberán cumprir os requisitos do artigo 205 da LCSP.

O prego prevé a modificación do contrato e a regula na cláusula 34 e no apartado 14 da FEC do PCAP.

A cláusula 34 do PCAP remite a regulación das modificacións previstas ao apartado 14 da FEC, especificando que non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

*"14. **MODIFICACIÓN DO CONTRATO:***

***A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO:** si*
***B) ASPECTOS A MODIFICAR:** as unidades de obra relacionadas coas actuacións previas, demolicións, acondicionamento do terreo, estruturas, fachadas e cubertas, particións e albañilería, carpintería, aillamentos e impermeabilizacións, revestimentos, trasdosados e*

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

pinturas, equipamentos, sinalización, instalacións, urbanización Olímpicos, seguridade e saúde e xestión de residuos.

C) *CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:*

- *Que no ámbito da actuación aparezan condicións e elementos do subsolo distintas ás recollidas no proxecto.*
- *Necesidades de adaptación dos espazos e instalacións auxiliares da grada a novas premisas legais ou usos, sempre e cando estes sufran modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.*
- *Necesidades de adaptación da unión da nova grada de Gol as gradas existentes de Río e Tribuna, no referente a instalacións, deseño ou esquema funcional, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto*

D) *LÍMITES DA MODIFICACIÓN:* *10% do prezo do contrato*

E) *ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:* *na elaboración do proxecto de obras modificado e para aquelas unidades de obra non previstas no orzamento do proxecto, terase en conta o cadro de prezos unitarios previsto no prego tipo aprobado que poderá consultarse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector público, no apartado "Documentos"* **https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b0/04_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfljU1JTC3ly87KtCIKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w_Wj9KMyU5wK9CN9I8IL0pIMiyLyIwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFRzFEv/***Ditos prezos unitarios son prezos de execución material polo que inclúen custos directos e indirectos. Non inclúen nin gastos xerais (13%) nin beneficio industrial (6%). Tampouco inclúen IVE/IVE en vigor. A dito cadro prezos unitarios seralle de aplicación a baixa económica ofertada polo adxudicatario."*

Agora, é preciso determinar se a modificación proposta encaixa nos supostos de modificación regulados no PCAP e no artigo 205 da LCSP:

2.1.- Circunstancias que motivan a modificación

2.1.1.- Das modificacións previstas

As modificacións previstas teñen encaixe no puntos 1 e 2 do apartado 14.C da FEC.
Informa ao respecto o servizo xestor (páxinas 3, 4 e 5):

> *"II.1.- Que no ámbito da actuación aparezan condicións e elementos do subsolo distintas ás recollidas no proxecto.*
>
> *No proceso de implantación de obra e revisión do estado das redes existentes, comprobase que a recollida e evacuación das augas de rego do céspede do terreo de xogo é diferente a recollida en proxecto.*
> *O proxecto prevía posibilitar a evacuación da auga de rego procedente do canal paralelo da grada de Tribuna, polo novo canal a executar coa obra, paralelo á grada de Gol, e canalizar ata o punto de evacuación, situado entre as gradas de Gol e Río.*
> *Unha vez empezada a obra e revisadas as canalizacións existentes, compróbase que as augas de rego actualmente xa non empregan o canal de Tribuna, xa que a*

drenaxe do campo canaliza todas as augas cara a outra vertente, e verte sobre o canal próximo á grada de Río. Tendo en conta o anterior, faise innecesario executar o canle proxectado próximo a Grada de Gol.
No que respecta as redes soterradas proxectadas na rúa Olímpicos, unha vez aprobado o proxecto construtivo, en abril de 2024, as redes augas arriba da rúa foron modificadas, tanto as conexións como as conduccións da rede de saneamento, no entorno da glorieta na que conflúen as rúas Pablo Iglesias e Alexandre Bóveda e Avenida Fragoso. Esta redefinición do entorno foi executado no marco do plan de inversións de aqualia, a partir de proxecto aprobado en agosto de 2024, expte 1885-441.

Esta modificación dos colectores augas arriba da rúa Olímpicos, permitiu derivar augas fecais que antes discurrían por Olímpicos cara o río Lagares, por fora do ámbito da rúa, polo que non é necesario a execución de algúns dos colectores proxectados na rúa.

En consecuencia, vense alterados por estas modificacións as unidades do seguintes capítulos do orzamento:

03. ACONDICIONAMENTO DO TERREO.
03.01. MOVIMENTO DE TERRAS.
03.02. REDE DE SANEAMENTO.

13. URBANIZACIÓN OLÍMPICOS.
13.03. OBRAS DE FÁBRICA.
13.06.03. SANEAMENTO E DRENAXE

II.2.- Necesidades de adaptación dos espazos da nova grada de Gol ás gradas existentes no referente a deseño e uso por modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto.

Unha vez comezada a obra, o Real Clube Celta, usuario do Estadio Municipal de Balaídos, realiza obras de ampliación do aforo na grada de Marcador, así como correspondente adaptación as condicións de evacuación dos novos espectadores xerados na citada grada.
Unha vez rematadas esas obras, o usuario solicita adaptar a nova grada de Gol en execución ás mesmas premisas da ampliación da grada de Marcador realizada recentemente.
Esta circunstancia aconsella un axuste das condicións xeométrica da grada na zona de Gol Alto, niveis 1 e 2, o que tendo en conta o estado actual das obras, require dun novo deseño global da estrutura de formigón ampliada, que a sua vez implica un

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

novo recalculo da estrutura de formigón do novo conxunto, adaptando as unidades ao novo Código Estrutural en vigor.
Asociado á adaptación da grada ás premisas recentes da nova grada de Marcador, prodúcese un aumento na cantidade de asentos a instalar na Nova Grada de Gol. Co aumento de aforo interior, e necesaria a execución dunha nova escaleira de emerxencia, situada no lateral da porta de acceso Gol-4, a cal marcará un novo itinerario de evacuación de emerxencia da nova Grada Gol.
En consecuencia, vense alterados por estas modificacións as unidades do seguintes capítulos do orzamento:

04. ESTRUTURAS.
04.01. CIMENTACIÓNS.
04.01.01. REGULARIZACIÓN.
04.01.02. ENCEPADOS E PILOTES PREFABRICADOS.
04.01.03. ARRISOSTRAMIENTOS E VASOS DE HA.
04.02. ESTRUTURAS.
04.02.01. FORMIGÓN ARMADO.
04.02.02. FORMIGÓN POSTESADO.
04.02.03. FORMIGÓN PREFABRICADO.
04.03. PREFABRICADA GRADAS.
09. REVESTIMENTOS, TRASDOSADOS E PINTURAS.
09.01. PAVIMENTOS.
10. EQUIPAMENTOS.
10.02. TRANSPORTE MECÁNICO.
10.03. ASENTOS GRADAS.
12. INSTALACIÓNS.
12.05. INSTALACIÓN DE ELECTRICIDADE (BAIXA TENSIÓN).
12.05.04. CANALIZACIÓNS.
12.05.05. LIÑAS.
12.06. INSTALACIÓN DE ALUMEADO INTERIOR.
12.06.01. ALUMEADO CONVENCIONAL.
12.06.02. ALUMEADO EMERXENCIA.

O citado informe aclara que algunha destas modificacións previstas, dado que obrigan a introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato, é preciso tratalas como modificacións non previstas. En concreto son as que afectan aos seguintes capítulos (páxina 6):

"04.02. ESTRUTURAS.
04.03. PREFABRICADA GRADAS.
10.02. TRANSPORTE MECÁNICO."

2.1.2.- Das modificacións non previstas

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

As modificacións non previstas obedecen, tal e como informa o servizo xestor a modificacións non substanciais, en concreto (páxinas 5-7):

"II.3.- Modificacións non substanciais derivadas da necesidades de adaptación dos espazos e instalacións auxiliares da grada ao entorno da obra.

Iniciados os traballos de demolición da grada de Gol, o Clube, usuario do Estadio Municipal de Balaidos, instala, entre o terreo de xogo e a obra, unha grada metálica provisional no fondo da grada de Gol, que unha vez instalada fai innecesaria a execución da partida de instalación da lona de ocultación recollida no proxecto aprobado.

En consecuencia, vense alterados por estas modificacións as unidades do seguintes capítulos do orzamento:

01. ACTUACIÓNS PREVIAS.

II.4.- Modificacións non substanciais derivadas das actuacións que se están levando a cabo na fronte da grada de Tribuna que afectan a zona aporticada proxectada nese ámbito

O proxecto contempla, na fronte da fachada da grada de Gol coa rúa Olímpicos, a execución dunha zona aporticada de 10 metros de ancho, configurada mediante piares metálicos e elementos de cuberta que constitúen unha continuidade formal da propia envolvente da fachada. Esta solución coincide coa xa executada na grada de Marcador e permite a creación dun corredor peonil que facilita a protección fronte ás inclemencias meteorolóxicas durante a espera nas inmediacións dos accesos á grada nos días de evento, sendo ademais amplamente utilizado pola veciñanza como espazo de paseo protexido tanto do sol como da choiva no resto do tempo.
Así mesmo, o proxecto aprobado inclúe a aplicación deste mesmo deseño de zona aporticada na fronte da fachada da grada de Tribuna, o que permitiría configurar un corredor peonil continuo ao longo das gradas de Marcador, Tribuna e Gol, cunha lonxitude superior aos 300 metros, garantindo a protección fronte á intemperie e dando continuidade á solución xa existente na grada de Marcador.

Cómpre sinalar que o Concello de Vigo participa desde hai tempo nun proceso competitivo para a selección do Estadio Municipal de Balaídos como unha das sedes españolas do Mundial de Fútbol 2030, organizado conxuntamente por España, Portugal e Marrocos. Neste contexto, a principal actuación prevista para a adaptación do Estadio aos requirimentos establecidos pola FIFA consiste na ampliación da actual grada de Tribuna. Para tal fin, o Concello dispón dun anteproxecto que propón o retranqueo da fachada desta grada, incrementando a superficie do estadio neste ámbito concreto, cun inicio de execución previsto para o ano 2027.

Con posterioridade á aprobación do proxecto construtivo da grada de Gol, o 26 de maio de 2025, o Pleno do Concello de Vigo aprobou un novo PXOM que incorpora

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/11/2026 09:51	Páxina 93 de 118
2193-1102 Aprobado por XGL 06/11/2026	CSV: ACB628-E98826-55E4D9-LJPM91-WGNYBX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

unha ampliación das aliñacións do equipamento deportivo no ámbito da grada de Tribuna, en detrimento do espazo viario actualmente destinado a aparcadoiro fronte a dita grada. Do mesmo xeito, en data 2 de xuño de 2026, a Comisión Interministerial do Mundial FIFA 2030 convocou ao Concello de Vigo a unha reunión de sedes celebrada o 5 de xuño, na que se informou ás cidades participantes da súa consideración como proxectos integrados dentro da candidatura española. Ademais, durante o mes de xuño de 2026 iniciáronse as obras de retranqueo dos colectores de saneamento situados xunto á actual fachada da grada de Tribuna, consistentes no seu desprazamento fóra das novas aliñacións do equipamento definidas polo recente PXOM.

Á vista dos feitos expostos, e tendo en conta a consolidación urbanística da posibilidade de ampliación do estadio no ámbito da grada de Tribuna, as inversións xa en curso para a adaptación das infraestruturas municipais soterradas á nova pegada edificatoria, así como os avances no proceso de selección como sede do Mundial, que fan necesaria a devandita ampliación, resulta recomendable non executar a zona aporticada prevista na fronte da actual grada de Tribuna. Esta decisión evita incorrer nun gasto público de escasa vida útil, dado que a citada infraestrutura debería ser demolida no momento de iniciarse as obras de ampliación. Cómpre engadir que, no suposto de que finalmente non se leve a cabo a ampliación da grada de Tribuna, a execución futura do referido espazo aporticado non suporía unha desvantaxe económica nin de oportunidade respecto da súa execución no contexto da obra actual.

En consecuencia, e á vista do momento procedimental no que se atopa a actuación, considérase oportuno aplicar un criterio de prudencia económica e non proceder á execución desta unidade.

En consecuencia, vense alterados por estas modificacións as unidades do seguinte capítulo do orzamento:

04.	*ESTRUTURAS.*
04.04.	*ACEIRO.*
05.	*FACHADAS E CUBERTA.*

II.5.- Modificación non substanciais derivadas da necesidade de redefinición das iluminacións decorativa puntuais proxectadas nos ámbitos de encontro coa grada de Río para adaptarse a configuración xeral da fachada do Estadio Municipal

O proxecto inclúe no seu orzamento, as instalacións necesarias para a iluminación exterior das lamas que se configuran no encontro da nova grada de Gol coa Grada de Río, así como no encontro desta última grada coa Grada de Marcador. Dita iluminación exterior é decorativa nun ámbito moi puntual da fachada, o espazo transversal que se conforma na unión entre a Grada de Río e as súas contiguas de Marcador e Gol.

Tendo en conta o indicado no apartado II.4, relativo aos traballos en curso e ás actuacións encamiñadas á ampliación do Estadio no ámbito da grada de Tribuna, cómpre considerar que a fisionomía final da fachada do Estadio Municipal non se

corresponderá coa actual. En consecuencia, non se estima oportuno implantar neste momento unha iluminación localizada e puntual sobre un elemento concreto da mesma. Pola contra, resulta necesario abordar un estudo global da iluminación exterior e decorativa da fachada, de xeito que o edificio, tanto coa súa configuración actual como coa resultante da eventual ampliación, sexa concibido como un conxunto unitario, sen prexuízo de que nese ámbito se considere adecuado diferencialo ou poidan establecerse tratamentos diferenciados en ámbitos específicos.

Este estudo global da iluminación, cuxa execución poderá realizarse de forma íntegra ou por fases, permitirá unha mellor integración do conxunto edificatorio e contribuirá a unha optimización do custo económico repercutido.

Á vista do anterior, proponse novamente aplicar un criterio de prudencia económica na actuación e non proceder á execución das unidades correspondentes á citada actuación.

En consecuencia, vense alterados por estas modificacións as unidades do seguinte capítulo do orzamento:

12.08. INSTALACIÓN DE ALUMEADO EXTERIOR.
12.08.02. ALUMEADO EXTERIOR. LAMAS GRADA.

Tamén as modificacións citadas no apartado anterior, as que encaixan en supostos de modificación prevista pero que obrigan a introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato (04.02.ESTRUTURAS; 04.03.PREFABRICADA GRADAS e 10.02.TRANSPORTE MECÁNICO), teñen a consideración de modificacións non substanciais.

No caso das modificacións non substanciais, o artigo 205.2.c esixe que se xustifique especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que estas prestacións non se incluíron no contrato inicial. Indica ao respecto o informe do servizo xestor (páxinas 8-9):

Con respecto as modificacións do apartado II.2 que obrigan á introdución de novos prezos indica que "*limítanse a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder a ditas causas obxectivas".*

Con relación ás modificacións do apartado II.3, II.4 e II.5 se indica que se limitan a *"introdución das variacións estritamente indispensables e necesarias para adaptación das instalacións auxiliares da grada previstas no proxecto de obras á obra en execución, no referente a recollida no apartado II.3; así como aplicación de un criterio de prudencia económica no referente aos elementos recollidos no proxecto aprobado a executar en ámbitos físicos exteriores a propia grada de Gol, ante a previsión de futuras modificacións da fachada da edificación no ámbito de Tribuna, no referente aos apartados II.4 e II.5, afectando aos seguintes capítulos:*

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

01. ACTUACIÓNS PREVIAS.
04. ESTRUTURAS.
04.04. ACEIRO.
05. FACHADAS E CUBERTA.
12.08. INSTALACIÓN DE ALUMEADO EXTERIOR.
12.08.02. ALUMEADO EXTERIOR. LAMAS GRADA."

2.2.- Aspectos a modificar

Indica ao respecto o informe do servizo xestor (páxina 12):

"As modificacións propostas no apartado II.1 e II.2 atópanse dentro das contempladas nos ámbitos de modificación definidos no apartado 14 b) das FEC, tal e como se define no presente informe, sendo motivadas en xeral polo aparición de condicións e elementos do subsolo distintas ás recollidas en proxecto, asi como pola necesidade de adaptación dos espazos da nova grada de Gol ás gradas existentes no referente a deseño e uso por modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto.
Porén, aínda que as circunstancias indicadas no apartado II.2 foron previstas no prego de cláusulas administrativas da licitación, nalgúns casos, obrigan a introdución de novas unidades de obra con novos prezos unitarios non previstos no contrato".

Aclara o informe os capítulos e subcapítulos que se modifican con relación as modificacións previstas (páxina 13):

- *Respecto da modificación proposta no apartado II.1, as unidades de obras relacionadas con 03. ACONDICIONAMENTO DO TERREO, engloban os subcapitulos 03.01. MOVEMENTO DE TERRAS e 03.02.REDE DE SANEAMENTO e as unidades de obra relacionadas con 13. URBANIZACION OLIMPICOS, engloban os capítulos 13.03. OBRAS DE FÁBRICA e 13.06.03. SANEAMENTO E DRENAXE.*
- *Respecto da modificación proposta no apartado II.2, :*
  - *As unidades de obra relacionadas con 04. ESTRUTURAS, engloban os subcapitulos 04.01. CIMENTACIÓNS, 04.02 ESTRUTURAS e 04.03. PREFABRICADA GRADAS.*
  - *As unidades de obra relacionadas con 09. REVESTIMENTOS, TRASDOSADOS E PINTURAS, engloban o subcapítulo de 09.01. PAVIMENTOS.*
  - *As unidades de obra relacionadas con 10. EQUIPAMENTOS, engloban os subcapítulos de 10.02 TRANSPORTE MECANICO e 10.03 ASENTOS GRADAS.*
  - *As unidades de obra relacionadas con 12. INSTALACIÓNS, engloban os subcapítulos de 12.05 INSTALACIÓN DE ELECTRICIDADE (BAIXA TENSIÓN) e 12.06 INSTALACIÓN DE ALUMEADO INTERIOR.*

2.3.- Variación de medicións

Durante a execución dun contrato de obras poden producirse variación de medicións, tanto por exceso como por defecto, con relación ao proxecto de obras aprobado. A súa regulación atópase no artigo artigo 242.4.i) da LCSP, relativo á modificación dos contratos de obras. Están previstas tamén no artigo 160 do RLCAP.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

A súa finalidade é permitir axustes razoables na execución das obras ante posibles desviacións do proxecto inicial. Razón pola que o citado artigo artigo 242.4.i) da LCSP non as considera modificacións contractuais. Nesta liña, indica o Informe 49/21 da Junta Consultiva de Contratación del Estado (en diante, JCCE) "*Asunción por el empresario del exceso de mediciones"*, que "*nos encontramos en presencia de un supuesto específico, dotado de una regulación expresa que se justifica por la dificultad de redactar un proyecto con precisión absoluta y que tiene por finalidad facilitar la ejecución de los contratos de obras al margen del régimen general de los modificados de los contratos, respondiendo a las exigencias propias de este tipo contractual, pues permite un margen de desviación en las mediciones efectuadas en las unidades de obra ejecutadas sobre las mediciones del proyecto de hasta un 10 % del precio inicial, sin que tal diferencia tenga la consideración de modificación del contrato*".

Se ben a actual lei de contratos se refire so aos excesos de medición, a doutrina é unánime en englobar baixo o termo variacións empregado polo RLCAP tanto os excesos como os defectos de medición. Así, o informe 16/06, de 30 de outubro de 2006, da JCCE dí que "*la utilización del término "variaciones" en el ya citado artículo 160, implica la posibilidad de compensar excesos en la ejecución de determinadas unidades de obra con defectos en la ejecución de otro tipo de unidades de obra sobre las realmente previstas, siendo el "exceso" o "defecto" de medición final aquel sobre el que se aplica el límite del 10 por 100 del precio primitivo del contrato*."

Como expresamente se sinala no artigo 160.2 do RLCAP, estas variacións iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e deberán ser recollidas e abonadas pola entidade contratante nas certificacións mensuais ou ben na certificación final (artigo 242.4.i) da LCSP). Se ben, cando con posterioridade ás mesmas houbera necesidade de introducir no proxecto modificacións, deberán ser recollidas tales variacións na proposta que se elabore, sen necesidade de esperar para facelo á certificación final.

En consecuencia, o servizo xestor recolle no seu informe as variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medición das unidades existentes. Como veremos na táboa recollida no apartado 2.4.3, as variacións de medicións acadan un 1,316% (326.625,72 €) e afectan aos seguintes capítulos (páxina 10):

"*01. ACTUACIÓNS PREVIAS.*
02. DEMOLICIÓNS.
03. ACONDICIONAMENTO DO TERREO.
03.01. MOVIMENTO DE TERRAS.
03.02. REDE DE SANEAMENTO.
06. PARTICION E ALBANELERÍA.
09. REVESTIMENTOS, TRASDOSADOS E PINTURAS.
09.03. TRASDOSADOS."

2.4.- Límites da modificación

2.4.1.- Das modificacións previstas

O apartado 14.D das FEC, en consonancia co artigo 204 da LCSP, determina como límite da modificación o 10% do prezo do contrato. A presente modificación, segundo indica o servizo xestor, é de -626.723,30 €, que supón un un -2, 525% do prezo do contrato. En consecuencia, encaixa no límite previsto no prego.

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

2.4.2.- Das modificacións non previstas
As modificacións non substanciais, segundo o artigo 205.2.c., deben cumprir cos seguintes límites:

2.4.2.1.- Non deberá introducir condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente, ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.
En todo caso considerarase que se dá este suposto cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

2.4.2.2.- Non deberá alterar o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dun xeito que non estaba prevista no contrato inicial. En todo caso considerarase que se dá esta circunstancia cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

2.4.2.3.- Non deberá ampliar de forma importante o ámbito do contrato. Se considera que se da esta circunstancia cando:

a) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar dos contratos harmonizados.

b) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación estean dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciase a tramitación do expediente de contratación.

Indica ao respecto o servizo xestor que (páxina 9):

"ditas modificacións non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non require clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50% do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.".

Con relación ás unidades de obra novas, o servizo xestor indica que estas supoñen un 7,478% do orzamento do contrato (páxina 12).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

ud	Descripción	Medición	Precio E.M.	Importe E.M.
m³	PN001. HORMIGÓN HA-30/F/10/XS1	2.567,01	180,23	462.652,21
m²	PN002. Forjado de placas alveolares prefabricadas autoportantes 30	950,94	57,72	54.888,26
m²	PN003. Forjado de placas alveolares prefabricadas autoportantes 25	6.226,04	50,33	313.356,59
ml	PN004. Grada L 85x57	769,00	188,43	144.902,67
ml	PN005. Grada L 85x59	895,00	196,36	175.742,20
ml	PN006. Grada L 150x30	151,00	200,96	30.344,96
ml	PN007. Grada L 140x57	99,00	212,16	21.003,84
ud	PN008. Ascensor modelo Enor Trivium, 6 paradas, 2 embarques a 180º	2,00	64.450,85	128.901,69
	Importe das unidades de obra novas introducidas (Art.205.2C 2º. LCSP)			***1.331.792,42***
	Presuposto Execución Material Proxecto Inicial			***17.808.676,37***
	% Importe Total Unidades Novas sobre P.E.M. Inicial			***7,478%***

As modificacións non previstas, no caso que nos ocupa, ascenden a 899.711,01 €, o que supón un +3,625% do prezo do contrato. Atópanse, pois, dentro do límite legal do 15% para obras.

2.4.3. Modificación máis variación de medicións

Informa ao respecto o servizo xestor (páxinas 10 e 11):

> *"O orzamento do proxecto modificado nº1 ascende a un total de 25.421.553,43 € , e supón un importe líquido adicional de 599.613,43 €, dos cales un -2,525% (-626.723,30 €) corresponden a modificacións por causas xustificadas previstas no artigo 204 da LCSP, e un +3,625% (899.711,01 €) corresponden a modificacións por causas xustificadas contempladas no artigo 205.2c); asemade inclúese un +1,316% (326.625,72 €) por variacións de medicións segundo o previsto no artigo 242.4. da LCSP:*

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

	CAPÍTULO	Proyecto Inicial	Proyecto Modificado Nº1	Modificación según Art. 204 de LCSP (Previstas en el Pliego)	Modificación según Art. 205.2c de LCSP (No previstas en el Pliego)	Variación según Art. 242.4i de LCSP (Variación Mediciones)	Diferencia	
		Importe E.M.	Importe E.M.	Importe E.M.	Importe E.M.	Importe E.M.	Importe E.M.	%
01	ACTUACIONES PREVIAS	157.029,97	104.867,82	0,00	-55.265,50	3.103,35	-52.162,15	-33,22%
02	DEMOLICIONES	608.514,64	670.833,26	0,00	0,00	62.318,62	62.318,62	10,24%
03	ACONDICIONAMIENTO DEL TERRENO	180.437,49	132.715,88	-67.989,57	0,00	20.267,95	-47.721,61	-26,45%
04	ESTRUCTURAS	7.420.091,03	8.039.130,85	-324.324,95	943.364,74	0,00	619.039,82	8,34%
05	FACHADAS Y CUBIERTA	2.105.960,51	1.935.152,51	0,00	-170.808,00	0,00	-170.808,00	-8,11%
06	PARTICIONES Y ALBAÑILERÍA	618.105,26	745.237,59	0,00	0,00	127.132,33	127.132,33	20,57%
07	CARPINTERÍA	274.894,73	274.894,73	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
08	AISLAMIENTOS E IMPERMEABILIZACIONES	63.009,30	63.009,30	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
09	REVESTIMIENTOS, TRASDOSADOS Y PINTURAS	833.948,25	860.608,14	5.142,23	0,00	21.517,66	26.659,89	3,20%
10	EQUIPAMIENTOS	1.088.326,26	1.190.434,94	72.043,96	30.064,71	0,00	102.108,68	9,38%
11	SEÑALIZACION	14.751,48	14.751,48	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
12	INSTALACIONES	3.154.732,59	3.071.429,25	18.548,59	-101.851,92	0,00	-83.303,34	-2,64%
13	URBANIZACIÓN OLÍMPICOS	825.606,83	672.539,49	-153.067,34	0,00	0,00	-153.067,34	-18,54%
14	SEGURIDAD Y SALUD	85.500,00	85.500,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
15	GESTIÓN DE RESIDUOS	177.768,03	177.768,03	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
16	IMPREVISTOS	200.000,00	200.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
	ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	17.808.676,37	18.238.873,27	-449.647,07	645.504,04	234.339,93	430.196,90	
	13% de Gastos Xerais :	2.315.127,93	2.371.053,53	-58.454,12	83.915,52	30.464,19	55.925,61	
	6% de Beneficio Industrial :	1.068.520,58	1.094.332,40	-26.978,82	38.730,24	14.060,40	25.811,81	
	SUMA DE G.G. y B.I.	3.383.648,51	3.465.385,93	-85.432,94	122.645,76	44.524,59	81.737,42	
	SUMA	21.192.324,88	21.704.259,20	-535.080,01	768.149,80	278.864,52	511.934,31	
	Coeficiente de Adjudicación:		0,967991955578211					
	TOTAL BASE IMPONIBLE	20.514.000,00	21.009.548,31	-517.953,14	743.562,82	269.938,61	495.548,29	
	21,00% I.V.A.	4.307.940,00	4.412.005,15	-108.770,16	156.148,19	56.687,11	104.065,14	
	TOTAL ORZAMENTO EXECUCIÓN CONTRATA	24.821.940,00	25.421.553,46	-626.723,30	899.711,01	326.625,72	599.613,43	

As variacións recollidas no proxecto modificado Nº1 son debido a modificacións que atenden as circunstancias recollidas nas FEC -modificacións do apartado II.1 e II.2-, así como a modificacións non previstas no PCAP, non substanciais – modificacións do apartado II.3- e ás variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento / diminución de medicións das unidades existentes, e cuantitativamente se resumen na seguinte táboa:

		P.E.M.	P. LIQUIDO	%	
MODIFICACIONS Art. 204 LSCP		-449.647,07	-626.723,30	-2,525%	
MODIFICACIONS Art. 205.2.c) LSCP	(modificacións non previstas no PCAP por introdución de prezos novos)	1.016.761,71	1.417.174,27	5,709%	3,625%
	(modificacións non substanciais)	-371.257,67	-517.463,26	-2,085%	
VARIACIONS MEDICIÓN Art. 242.4i LSCP		234.339,93	326.625,72	1,316%	
TOTAL		430.196,90	599.613,43		

Á vista destes datos podemos concluír que a modificación proposta esta dentro dos limites previstos.

A modificación financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 93306320010 "INVESTIMENTOS MELLORA E. M. BALAIDOS", proxecto de gasto 14933010, a cal, tal e como informa o servizo xestor conta con crédito adecuado e suficiente (páxina 15).

-IV-

Procedemento de modificación do contrato

Para a modificación do contrato deberá utilizarse o procedemento previsto no artigo 191 da LCSP para o exercicio das potestades da Administración, coas especialidades previstas no artigo 207 da LCSP, e no seu caso, as previstas no prego, se se trata de modificacións previstas (artigo 207.1 LCSP). Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais e os trámites previstos no artigo 102 do RLCAP.

Á vista da normativa citada resultan trámites preceptivos:

1) Previa audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes documentos preparáronse por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos artigo 207.2 LCSP).

   Evacuado trámite de audiencia ao redactor do proxecto, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta en escrito de data 25 de agosto de 2026.

2) Previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP).

   Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de agosto de 2026.

3) Informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).

   Neste caso non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque aínda que o prezo primitivo do contrato é superior a 6.000.000 euros (24.821.940,00 euros), a súa contía, illada ou conxuntamente, non é superior a un 20 % do prezo inicial do contrato nin se formulou oposición por parte do contratista (artigo 191 LCSP).

4) Informe da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª da LCSP) .

5) Fiscalización do gasto correspondente pola Intervención Xeral (disposición adicional 3ª da LCSP e artigos 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017).

6) Aprobación polo órgano de contratación (artigo 102 RLCAP).

7) Formalización da modificación conforme ao disposto no artigo 153 da LCSP.

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

8) Publicación.

Cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 207.3 da LCSP).

Se o contrato está suxeito a regulación harmonizada, fóra dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205 deberá publicarse anuncio de modificación no «Diario Oficial da Unión Europea».

9) Comunicación ao Consello de Contas se o importe de adxudicación supera os 150.000 euros (artigo 335.2 LCSP).

Ao tratarse dun contrato de obras cuxo importe de adxudicación excede os 150.000,00 euros, comunicarase esta modificación ao Consello de Contas.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 203.3 LCSP).

-V-

Ampliación do prazo de execución do contrato

O apartado 4.A das condicións específicas (FEC) do PCAP fixa un prazo de execución das obras de vinte e tres (23) meses, computados a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo (efectuada o 28 de xaneiro de 2025). De acordo coa táboa de prazos recollida no apartado VII do informe da dirección facultativa, o contrato atópase en vigor e dentro do prazo de execución legalmente establecido.

A cláusula 25.4 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) establece que o prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación no caso de modificación do contrato. O prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado, co límite máximo da metade do prazo inicial de execución.

Verificada a vixencia do contrato e xustificada a necesidade técnica no Proxecto Modificado n.º 1 no informe da dirección facultativa, considérase xuridicamente procedente a concesión duna ampliación do prazo de execución de dous (2) meses.

-VI-

Do reaxuste da garantía definitiva

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9 C da FEC do PCAP establece que a garantía esixida será do "*5% importe de adxudicación excluído o IVE*", e que a presente modificación supón un incremento do mesmo de 272.987,71 € €, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 11.280,48 euros.

O incremento por variación de medicións non determina un incremento de garantía porque non ten a consideración de modificación conforme ao previsto no artigo 242.4.i da LCSP.

-VII-

Recursos

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP ("As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación").

No caso de que se impugne por calquera motivo distinto ao mencionado, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non se resolva expresamente o recurso especial en materia de contratación, ou sexa resolto expresamente ou se entenda desestimado por silencio administrativo o recurso de reposición, no seu caso (artigo 123.2 da LPA).

-VIII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

-IX-

Proposta de acordo

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

"1º.- Aprobar o proxecto modificado nº1 das obras de "Nova grada de gol do estadio municipal de Balaídos" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e pola Enxeñeira Industrial Dª. Cristina Tapias Bouso, e asinado o día 24 de agosto de 2026, e informado favorablemente pola Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Técnica Municipal o día 3 de setembro.
A modificación do contrato ascende a 272.987,71 €, dos cales un -2,525% (-626.723,30 €) corresponden a modificacións por causas xustificadas previstas no artigo 204 da LCSP, e un +3,625% (899.711,01 €) corresponden a modificacións por causas xustificadas contempladas no artigo 205.2c).

2º.- Aprobar un incremento dun +1,316% (326.625,72 €) por variacións de medicións segundo o previsto no artigo 242.4. da LCSP e 160 do RLCAP.

3º.- Ampliar o prazo de execución do contrato en dous meses.

4º.- Autorizar o gasto de 599.613,43 € con cargo á aplicación orzamentaria 93306320010 "INVESTIMENTOS MELLORA E. M. BALAIDOS", proxecto de gasto 14933010.

5º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva incrementándoa en 11.280,48 euros, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

6º.- Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP ("As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación"). No caso de que se impugne por calquera motivo distinto ao mencionado, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non se resolva expresamente o recurso especial en materia de contratación, ou sexa resolto expresamente ou se entenda desestimado por silencio administrativo o recurso de reposición, no seu caso (artigo 123.2 da LPA).

7º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.

8º.- Comunicar ao Consello de Contas."

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(958).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS EVENTOS OU CONGRESOS CON FINES DE INTERESE TURÍSTICO NO ANO 2026. EXPTE. 9100/104.
Visto o informe xurídico de data 26/10/2026 e o informe de fiscalización do 27/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta 26/10/2026, asinado pola xefa de Turismo e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Á vista da proposta de data 15/10/26 da Comisión Avaliadora composta pola Concelleira de Turismo e a Xefa do Servizo de Turismo, como órgano instrutor do procedemento, consonte coa cláusula décimo terceira que regula esta convocatoria, a Xefa do Servizo de Turismo procede a elevar a proposta á Xunta de Goberno Local en base a análise realizado por dita Comisión de Avaliación.

Establece a cláusula terceira que a cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 90.000,00€ (noventa mil euros) e segundo a cláusula oitava, unha vez valorados os criterios de puntuación de todas as solicitudes, estas ordenaranse de maior a menor a puntuación obtida, outorgándose a subvención en rigorosa orde de prelación, ata esgotar o crédito existente.

Os criterios para a concesión da subvención, de acordo co disposto na cláusula sétima, é a seguinte:

VALORACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO EVENTO OU CONGRESO.
As solicitudes valoraranse conforme aos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación tendo en conta os seguintes criterios:

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

1.1- <u>Capacidade de comercialización do proxecto turístico</u>.
Deberá definir en memoria detalla a duración da campaña de promoción turística. Valorarase con ata un máximo de 10 puntos.

- De 1 a 5 días, valorarase ata un máximo de 5 puntos.
- De 6 a 10 días, valorarase ata un máximo de 9 puntos.
- Cando supere os 10 días valorarase con 10 puntos.

1.2.- <u>Accións de promoción</u>.
Deberá definir en memoria detallada o plan de promoción turística indicando o número de publicacións e os soportes, así como as publicacións que se realizaron. Valorarase con ata un máximo de 25 puntos.

- **Promoción online, (Web, Newsletter, App, canal Youtube, etc...)**. Valorarase ata máximo 10 puntos.
  -Entre 5 e 10 publicacións, valorarase con ata 5 puntos.
  -Entre 11 e 20 publicacións, valorarase con ata 9 puntos.
  -Cando supere as 20 publicacións se valorará con 10 puntos.

- **Promoción en RRSS (Facebook, Instagram, Twiter, etc...)**. Valorarase ata un máximo de 5 puntos.
  -Entre 10 e 20 publicacións, valorarase con ata 2,5 puntos.
  -Entre 21 e 30 publicacións, valorarase con ata 4 puntos.
  -Cando supere as 30 publicacións se valorará con 5 puntos.

- **Promoción en distintos soportes (comunicación, radio, prensa, revistas, televisión, vallas publicitarias, mobiliario urbano, rótulos, camisetas, etc...).** Valorarase con ata 10 puntos.
  -Entre 5 e 10 soportes, valorarase con ata 5 puntos.
  -Entre 11 e 20 soportes, valorarase con ata 9 puntos.
  -Cando supere os 20 soportes se valorará con 10 puntos.

1.3.-<u>Ámbito da actividade promocional, rexional, autonómico, nacional ou internacional</u>.
Valorarase con ata 10 puntos.
-Rexional, valorarase con ata 2,5 puntos
-Autonómico, valorarase con ata 5 puntos.
-Nacional, valorarase con ata 7,5 puntos.
-Internacional, valorarase con ata 10 puntos.

1.4.- <u>Antigüidade do evento ou congreso de interese turístico</u>.
Valorarase con ata 10 puntos.
-Entre 15-20 anos, valorarase con ata un máximo de 5 puntos.
-Entre 21-25 anos, valorarase con ata un máximo de 9 puntos.
-Cando supere os 25 anos valorarase con 10 puntos.

O evento ou congreso debe ter unha antigüidade mínima de 15 anos de celebración do evento na cidade de Vigo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

2.- DETERMINACIÓN DAS CONTÍAS DA SUBVENCIÓN DOS EVENTOS OU CONGRESOS DE INTERESE TURÍSTICO.

Para a determinación das contías concretas da subvención dos eventos ou congresos relacionado co Turismo MICE, de interese turístico, teranse en conta as seguintes porcentaxes:

- Entre 25 e 35 puntos: 50% do custe da actividade subvencionada.
- Entre 36 e 45 puntos: 75% do custe da actividade subvencionada.
- Entre 46 e 55 puntos: 100% do custe da actividade subvencionada.

1.- A subvención máxima por evento non poderá superar os 25.000,00€, ni superar o 100% do custe da actividade subvencionada.

2.- Una vez valorados os criterios de puntuación de todas as solicitudes, estas se ordenarán de maior a menor respecto á puntuación obtida, outorgándose a subvención en rigoroso orden de prelación, hasta esgotar o crédito existente.

3.- A valoración final do proxecto de promoción turística deberá alcanzar un mínimo de 25 puntos ou quedará excluído do procedemento de concesión das subvencións.

II. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

As entidades solicitantes de subvención son as seguintes:

EXPTE.	ENTIDADE/EVENTO	IMPORTE SOLICITADO
9119-104	GALIEXPO FERIAS Y EVENTOS SL	25.000,00 €
9121-104	EVENTOS DEL MOTOR SL / XXXIV SALÓN DEL AUTOMOVIL VIGO 2026	25.000,00 €

As bases da convocatoria establece que as entidades que soliciten subvencións superiores a 3.000,00€ acrediten mediante a presentación de certificados oficiais estar ao corrente de pago coas obrigacións tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Axencia Estatal de Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social así como co Concello de Vigo, da mesma forma as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións que non superen o importe de 3.000,00€ presentarán declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións que substituirá a certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.

Da Comisión Avaliadora reunida en data 15/10/26 se desprende que:

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

Os eventos presentados que cumpren cos criterios establecidos nas "BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE "SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS OU CONGRESOS DE INTERÉS TURÍSTICO NO ANO 2026." son os seguintes:

EXPTE.	ENTIDADE/EVENTO	IMPORTE SOLICITADO
9119-104	GALIEXPO FERIAS Y EVENTOS SL	25.000,00 €
9121-104	EVENTOS DEL MOTOR SL / XXXIV SALÓN DEL AUTOMOVIL VIGO 2026	25.000,00 €

En base ao exposto, **proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo**:

Primeiro.- Outorgar as subvencións para a organización de eventos eventos ou congresos con fines de interese turístico no ano 2026 ás entidades e cos importes que se sinalan na seguinte táboa, dispondo o gasto con cargo á partida orzamentaria 4320.4700000 "subvencións, eventos e actividade, patrocinio" da Concellería de Turismo do orzamento en vigor.

EXPTE.	ENTIDADE/EVENTO	IMPORTE SOLICITADO
9119-104	GALIEXPO FERIAS Y EVENTOS SL	25.000,00 €
9121-104	EVENTOS DEL MOTOR SL / XXXIV SALÓN DEL AUTOMOVIL VIGO 2026	25.000,00 €
	TOTAL	**50.000,00 €**

Segundo.- Notificar o acordo a tódolos interesados, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do dia seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

Terceiro.- Ordear a publicación da concesión das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina Web do Concello de Vigo (www.vigo.org) as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto nos artigos 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ACORDO

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte.2193/1102

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(959).- DAR CONTA DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 19619/407.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 9/10/2026, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e polo xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por parte deste organismo impuxéronse multas coercitivas que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo "a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro ditará a correspondente providencia de apremio".

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar informada das seguintes multas urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio:

Multas coercitivas:

01 456/435 (NIF ***8186**)	6.000 €
02 484/435 (NIF ***6857**)	4.000 €
03 1100/426 (NI***5647**/***3328**)	4.000 €
04 2288/435 (NIF***9578**)	8.000 €
05 2317/426 (NIF ***8505**)	4.000 €
06 2317/ 426 (NIF***8505**)	6.000 €
07 2317/435 (NIF***9262**/***4234**)	3.000 €
08 2353/435 (NIF***2219**)	1.000 €
09 2390/435 (NIF***4794**)	2.000 €
10 2412/426 (NIF***7712**)	1.000 €
11 2633/435 (NIF***8453**)	4.000 €
12 2694/426 (NIF***7510**)	5.000 €
13 2738/435 (NIF***7476**)	1.000 €
14 2774/435 (NIF ***9723**)	4.000 €

S.ord. 30/10/2026

15 2783/426 (NIF ***8668**)	2.000 €
16.3012/435 (NIF***8147**)(**0092**)	4.000 €
17.3146/435 (NIF ***6285**)	1.000 €
18 3150/435 (NIF ***6246**)	2.000 €
19.3180/435 (NIF ***2219**)	3.000 €
20 3187/435 (NIF***7427**)	2.000 €
21 3193/435 (NIF***9298**)	4.000 €
22 3194/435 (NIF***6021**)	8.000 €
23 3194/435 (NIF***6021**)	6.000 €
24 3407/435 (NIF ***7142**)	1.000 €
25 3441/435 (NIF***1283**)	1.000 €
26 3452/435 (NIF***7166**)	2.000 €
27 3514/435 (NIF***8691**)	2.000 €
28 3531/435 (NIF***5944**)	1.000 €
29 3551/435 (NIF***7671**)	1.000 €
30 3566/435 (NIF***6021**)	2.000 €
31 3605/435 (NIF***2023**)	3.000 €
32 3618/435 (NIF ***6041**)	1.000 €
33 3639/435 (NIF***7936**)	1.000 €
34.3661/435 (NIF ***6905**)	1.000 €
35 3665/435 (NIF***0515**)	2.000 €
36 3753/435 (NIF ***8129**)	1.000 €
37 3730/435 (NIF***1222**)	2.000 €
38.3797/435 (NIF ***9790**)	1.000 €
39 3869/435 (NIF ***4256**)	2.000 €
40.3897/435 (NIF ***1778**)	2.000 €
41.4016/435 (NIF ***4974**)	4.000 €
42.4019/435 (NIF ***4765**)	3.000 €
43.4167/435 (NIF ***8988**)	1.000 €
44.4169/435 (NIF ***8988**)	2.000 €
45 1915/426 (NIF***5565**)	4.000 €
46 3012/435 (NIF***0928**)	3.000 €
47.22816/423 (NIF ***0679**)	1.000 €
48.20759/423 (NIF ***8072**)	1.000 €
49.22157/423 (NIF ***8333**)	1.000 €
50 19056/423 (NIF ***2502**)	2.000 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local aprova a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Expediente de contratación das obras do proxecto de "Obras necesarias para o remate da humanización da Rúa do Pazo- Bouzas" Expte. 2700/441.

.- Expediente de contratación das obras do proxecto de "Reforma da fachada dos locais municipais sitos na rúa Elduayen, entre a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles". Expte. 13196/307.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

21(960).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "OBRAS NECESARIAS PARA O REMATE DA HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO- BOUZAS" EXPTE. 2700/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 19/10/2026 eo informe de fiscalización de data 28/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/09/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O día 2 de agosto de 2024, a Xunta de Goberno Local, adoptou entre outros, o seguinte acordo:
«Aprobar o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO (BOUZAS)", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Roberto Aya Vidal, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS TRINTA E CINCO MIL NOVECENTOS UN EUROS con VINTE E DOUS CÉNTIMOS (435.901,22 €), e con sinatura dixital de data 24 de xullo de 2024».

II.- A Xunta de Goberno Local, o día 9 de decembro de 2024, acordou aprobar o expediente de contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa do Pazo – Bouzas" – PSTD

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/11/2026 09:51	Páxina 111 de 118
2193-1102 Aprobado por XGL 06/11/2026	CSV: ACB628-E98826-55E4D9-LJPM91-WGNYBX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS no marco do PRTR, financiado pola Unión Europea – NextgenerationEU", autorizar o gasto e abrir a licitación deste procedemento.

III.- A Xunta de Goberno Local, o día 25 de abril de 2025, adoptou entre outros, o seguinte acordo:
"Adxudicar a ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL, o procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa do Pazo (Bouzas)" – PSTD casco histórico da Vila de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (2088-441) por un prezo total do contrato de 379.146,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 65.802,35 euros".

O dito contrato foi formalizado o día 30 de abril de 2025.

IV.- O día a 17 de marzo de 2026, D. Juan Carlos Núñez Fraiz, en nome e representación de ORESA, presenta escrito no Rexistro electrónico comunicando "la imposibilidad de ejecutar el contrato en los términos pactados, debido a una situación sobrevenida de grave deterioro económico-financiero, que ha colocado a la empresa en un escenario de insolvencia inminente, con pérdida de capacidad real para sostener la continuidad ordenada de los trabajos, atender el pago corriente de suministros y garantizar, en condiciones de normalidad, la correcta ejecución mateiral y temporal de la obra", por lo que solicita que se incoe un expediente de resolución do contrato.

En consecuencia, o día 27 de abril de 2026, a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, resolveu iniciar o procedemento de resolución deste contrato así como declarar a urxencia da tramitación tanto do procedemento de resolución como do procedemento de contratación para a adxudicación do novo contrato, en aplicación do artigo 213.6 da LCSP.
En consecuencia, o día 27 de abril de 2026, a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, resolveu iniciar o procedemento de resolución deste contrato así como declarar a urxencia da tramitación tanto do procedemento de resolución como do procedemento de contratación para a adxudicación do novo contrato, en aplicación do artigo 213.6 da LCSP.

V.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 24 de xullo de 2026, adoptou o seguinte acordo:
"1º.- Resolver o contrato de obras de humanización da rúa do Pazo (Bouzas)" – PSTD casco histórico da Vila de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation EU), adxudicado a ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL, por acordo deste órgano de 25 de abril de 2025, por concorrer a causa prevista no artigo 211.f da LCSP "O incumprimento da obrigación principal do contrato.
(...)
6º.- Iniciar o procedemento de contratación para a adxudicación do novo contrato, condicionada á terminación do expediente de resolución.

7º.- Declarar a urxencia da tramitación tanto do procedemento de resolución como do o procedemento de contratación para a adxudicación do novo contrato, en aplicación do artigo 213.6 da LCSP."

Documento asinado

VI.- No mes de xuño de 2026 a empresa INTERURBAN, SAU con CIF A36626695, presenta borrador do proxecto de execución das obras de "OBRAS NECESARIAS PARA O REMATE DA HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO - BOUZAS", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto José Aya Vidal, cun orzamento estimado base de licitación máis IVE de 417.481,19 euros e asinado dixitalmente o día 17 de xullo de 2026.

VII.- Previo informe da enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal do día 20.07.2026, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado o día 03.08.2026, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 07.08.2026 aprobou o proxecto das "OBRAS NECESARIAS PARA O REMATE DA HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO - BOUZAS", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto José Aya Vidal, cun orzamento estimado base de licitación máis IVE de 417.481,19 euros e asinado dixitalmente o día 17 de xullo de 2026.

VIII.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do día 07.08.2026 que se corresponde co expediente administrativo 7093-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas rredactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto José Aya Vidal.

B) Resolución de inicio do expediente de contratación acordada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 24.07.2026.

C) Memoria económica asinada pola técnica de xestión e polo concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 12.08.2026.

D) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 08.09.2026.

E) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 15.09.2026.

F) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor e con data da última sinatura 16.09.2026.

G) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 29.09.2026.

H) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, integrado polo prego tipo para a contratación de obras por procedemento aberto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 17.12.2020 (expediente 6563-241) e polo Anexo I – Follas de Especificacións do Contrato- correspondente ao presente expediente, asinadas pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 29.09.2026.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 20.07.2026) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Tramitación anticipada.- A LCSP no apartado segundo da súa Disposición Adicional Terceira establece que se poderán tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente. Por outra banda, segundo a Base 29a das de Execución do Orzamento, concorre o suposto de tramitación do expediente como anticipado de gasto.

Quinto.-Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Sexto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto das "OBRAS NECESARIAS PARA O REMATE DA HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO - BOUZAS", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto José Aya Vidal, cun orzamento estimado base de licitación máis IVE de CATROCENTOS DEZASETE MIL CATROCENTOS OITENTA E UN EUROS con DEZANOVE CÉNTIMOS (417.481,19 €)

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato, integrado polo prego tipo para a contratación de obras por procedemento aberto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 17.12.2020 (expediente 6563-241), e polo Anexo I – Follas de Especificacións do Contrato- asinadas pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 29.09.2026.

Terceiro.- Asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2027, na aplicación orzamentaria 1532 619 00 50 – proxecto de gasto 27153250, crédito por importe de 417.481,19 €.

Por ter tratarse dun gasto anticipado e ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito no exercicio correspondente. As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(961).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "REFORMA DA FACHADA DOS LOCAIS MUNICIPAIS SITOS NA RÚA ELDUAYEN, ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E A PRAZA DE ARGÜELLES". EXPTE. 13196/307.
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 16/10/2026 e o informe de fiscalización de data 27/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/10/2026, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO:

Con data 9 de setembro de 2026, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico ditou orde de inicio do expediente administrativo dirixido á NOVA LICITACIÓN POR INCREMENTO ORZAMENTARIO CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DA FACHADA DOS LOCAIS MUNICIPAIS SITOS NA RÚA ELDUAYEN, ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E A PRAZA DE ARGÜELLES, segundo delegación do Alcalde de 16/03/2026 na que resolve o seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/11/2026 09:51	Páxina 115 de 118
2193-1102 Aprobado por XGL 06/11/2026	CSV: ACB628-E98826-55E4D9-LJPM91-WGNYBX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado

"Delegar na Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade todas as atribucións precisas para a a xestión, tramitación, execución e seguimento dos expedientes de contratación administrativa de obra pública dos proxectos que a continuación se relacionan

- **Reforma da fachada dos locais municipais na rúa Elduayen.**
- Reforma dos locais da rúa Carral e humanización da rúa Laxe.
- Reparación muro contención finca Mirambell".

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 9 de setembro de 2026, para o inicio do expediente de contratación.

- PROXECTO DE OBRAS DE "REFORMA DA FACHADA DOS LOCAIS MUNICIPAIS SITOS NA RÚA ELDUAYEN, ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E A PRAZA DE ARGÜELLES", redactado polo Arquitecto D. Ángel J. Santorio Cuartero en xullo de 2026, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS DEZ MIL DOUSCENTOS DEZANOVE EUROS con TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (210.219,35 €) e aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 4 de setembro de 2026, e que rexerá como prego de prescricións técnicas.

- Memoria xustificativa asinada o 16 de setembro de 2026 pola xefa de Patrimonio Histórico e pola concelleira delegada de Patrimonio Histórico coa mesma data.

- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 30 de setembro de 2026 pola técnica de Administración Xeral e pola xefa de área de contratación e novos proxectos coa mesma data.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSLP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non

división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

En canto aos gastos correntes que se poidan derivar con posterioridade á realización das obras indícase que estas actuacións non requiren dun mantemento posterior, polo que non haberá repercusións económicas directas.

Quinto.- É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

III.- <u>ACORDO</u>:

1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto SIMPLIFICADO e tramitación ordinaria DAS OBRAS DE REFORMA DA FACHADA DOS LOCAIS MUNICIPAIS SITOS NA RÚA ELDUAYEN, ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E A PRAZA DE ARGÜELLES, redactado polo arquitecto Ángel J. Santorio Cuartero en xullo de 2026, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS DEZ MIL DOUSCENTOS DEZANOVE EUROS con TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (210.219,35 €) segundo a distribución de anualidades.:

2026	52.554,84 EUROS
2027	157.664,51 EUROS

2º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado o 30 de setembro de 2026 pola técnica de Administración Xeral e pola xefa de área de contratación e novos proxectos coa mesma data.

3º.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación do exercicio orzamentario vixente 3360.6320040.- REFORMA FACHADA LOCAIS ELDUAYEN (proxecto 25336040) por importe de 52.554,84 euros e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2027, na aplicación orzamentaria 3360.632004 crédito por importe de 157.664,51 euros.

S.ord. 30/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41
Documento asinado

4º**.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 300 %.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(962).- ROGOS E PREGUNTAS.
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/11/2026 09:51:41

Documento asinado